


PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



TÍTULO II

CAPITULO 3

A dinámica turística no
litoral de Galicia



1.	OBXECTO E ALCANCE DO ESTUDO	5
2.	TRAZOS XERAIS DO TURISMO EN GALICIA.....	5
3.	O MODELO DE DESEÑO DOS ESPAZOS TURÍSTICOS	6
4.	APLICACIÓN DO MODELO: CARACTERIZACIÓN DOS ESPAZOS TURÍSTICOS NO LITORAL GALEGO	8
	A. Mariña lucense	8
	B. Rías Altas.....	12
	C. Golfo Ártabro - Arco Bergantiñán	16
	D. Arco Bergantiñán - Costa da Morte	20
	E. Rías Baixas.....	24
	F. Costa Sur	28
5.	BREVE DIAGNÓSTICO.....	31
	5.1 Facilitadores.....	31
	5.2 Barreras	31
6.	PROPOSTAS ESTRATÉXICAS	33
	6.1 Regulación e restrición dos accesos a áreas estratéxicas de conservación	33
	6.2 Desviación de turismo cara a destinos de interior	33
	6.3 Fomento de uso do ferrocarril	33
	6.4 Consolidación de usos turísticos respectuosos co litoral.....	33
7.	CONCLUSIÓNS	35



As Catedrais.
A Mariña Lucense

1. OBXECTO E ALCANCE DO ESTUDO

O obxectivo deste estudo é achegar unha nova visión do turismo no litoral de Galicia a partir da análise de carácter holístico realizada no presente Plan, no que se considerou a paisaxe como ferramenta básica de análise e proposta para a planificación territorial.

Constitúe unha análise particular e unha proposta que ten vocación de complementar, no seu caso, as delimitacións e iniciativas de planificación realizadas polos departamentos administrativos con competencia en turismo.

Para a elaboración do devandito estudo, ademais da consideración dos datos das fontes institucionais, como son, neste ámbito, Turgalicia e o Instituto Galego de Estatística (IGE), incluíronse estimacións de datos locais que derivan tanto do coñecemento de cada ámbito por parte de expertos na materia, como de entrevistas cos axentes sociais e económicos relacionados co turismo realizadas de forma específica para este estudo. En todo caso, estas estimacións non se arredan das cifras ou datos máis globais das referidas fontes institucionais.

2. TRAZOS XERAIS DO TURISMO EN GALICIA

Galicia é un multideestino turístico baseado na diversidade morfoclimática e bioxeográfica que condiciona unha plural diversidade cultural.

Entre os diferentes produtos turísticos destacan os itinerarios dos diferentes Camiños de Santiago, cunha relevancia que supera a escala autonómica e mesmo a estatal.

De forma xeral os seguintes seis produtos abarcarían o conxunto da oferta turística da rexión:

- Relixioso-etnográfico-itinerarios, tendo como punto xeográfico final Santiago de Compostela e como motivación xenérica o Camiño de Santiago e a celebración dos xacobeos.
- Litoral, sol e praia (o paradigma sería o destino Rías Baixas)
- Histórico e etnográfico (eventos de recreación histórica ou de contido popular, algúns paradigmas poderían ser a Festa da Isteria de Ribadavia, a Feira Franca en Pontevedra ou a Rapa das Bestas de Sabucedo)
- Urbano (eventos e atractivos das cidades, os paradigmas poden ser o conxunto da oferta da cidade de A Coruña ou as murallas de Lugo)

- Natural (produtos mixtos con base no turismo rural, os paradigmas poden ser os itinerarios polo río Sil ou as rutas pola Serra dos Ancares en Lugo)
- Termal e mineiro-medicinal, baseado na enorme riqueza Mineiro-medicinal do solo e o mar e posta en uso mediante balnearios, centros de talasoterapia, termas e outros centros.

En todo caso, o coñecemento destes produtos e a imaxe nos mercados emisores é moi asimétrica e irregular, entre outras causas, pola forte presenza dos xacobeos, que reducen a relevancia do resto dos atractivos da rexión.

MERCADOS EMISORES DE ESPAÑA

	2000	2004	2007
Galicia	16%	27,5%	25%
Madrid	22%	19,5%	21%
Cataluña	13,5%	10,0%	10,7%
Castela-León	8,3%	8,1%	7,4%
Andalucía	6,9%	5,8%	6,9%
País Vasco	7,1%	6,2%	6,6%
Asturias	5,9%	5,0%	6,4%
C. Valenciana	6,9%	3,9%	4,4%

MERCADOS EMISORES ESTRANEIROS

	2000	2004	2007
Portugal	17,21%	16,0%	17,8%
Alemaña	10,98%	13,6%	12,4%
R. Unido	9,5%	11,1%	11,9%
Italia	8,9%	9,2%	11,7%
Francia	11,57%	17,9%	10,7%
Suíza	8,01%	10,6%	7,1%
Resto Europa	5,04%	3,8%	5,8%
Arxentina	7,7%	1,6%	5,8%
EE.UU.	3,9%	2,4%	4,1%

Fonte: turgalicia.es

Vemos que Galicia é o mercado emisor principal, seguido de Madrid e Cataluña, mentres que despois Portugal, Alemaña e Francia son os países que máis turistas nos envían.

MOTIVACIÓNS	2001	2004	2007
Razóns familiares ou amizade	22,9%	29,4%	24,9%
Coñecer natureza e paisaxes	25,1%	16,3%	22,2%
Tranquilidade e descanso	15,5%	10,9%	14,6%
Camiño de Santiago (sen datos)	11,9%	9,3%	-----
Coñecer cultura e costumes	8,9%	10,1%	9,0%

ALOXAMENTO UTILIZADO	2001	2004	2007
Hoteis	23,4%	16,7%	26,9%
Familia ou amigos	19,5%	26,2%	19,4%
Casa propia	9,4%	11,9%	11,1%
Albergues ou residencias	-----	11,2%	9,5%
Turismo rural	3,2%	5,1%	9,1%
Vivenda alugada	8,5%	7,4%	6,6%
Campamentos	10,5%	8,7%	6,4%
Hostais	11,0%	7,7%	4,4%
Balnearios	-----	2,8%	2,2%
Pensión/Fonda	4,3%	1,3%	2,2%
Apartamentos	-----	0,9%	1,8%

Fonte: Xacobeo 2010.

A familia e as amizades son a principal motivación para visitar Galicia, seguida da súa natureza e o descanso.

O hotel é con diferenza o tipo de aloxamento elixido pola maioría dos turistas, mais as casas das amizades e a segunda residencia presentan unha alta taxa de utilización; tamén destaca a importancia do turismo rural.

3. O MODELO DE DESEÑO DOS ESPAZOS TURÍSTICOS

Probablemente, algunhas das achegas de maior transcendencia para este traballo son as de Gunn (1972, 1993), arredor do concepto de planeamento rexional, propondo unha rexión destino con cinco elementos básicos: a definición precisa dos límites rexionais, un acceso desde os mercados con corredores de circulación interna, uns complexos de atracción, un *hinterland* non atractivo e entradas á rexión.

Neste contexto, o traballo de Dredge (1999) achega unha singular base teórica, que sintetiza e reestrutura unha proposta na que destacan un modelo de deseño cunha rexión de destino, mercados emisores de turismo, nodos, rutas circulatorias e portas de entrada (1999: 403).

Tendo en conta estas reflexións e cos datos dos autores sobre o turismo en Galicia (Pardellas e Padín, 2005), é posible elaborar un modelo sostible de deseño do litoral galego como destino turístico, utilizando as achegas anteriores e centradas nos elementos de atracción dun destino, que constitúen desde o enfoque da demanda unha base importante para predicir o comportamento dos turistas, enfocando a análise sobre espazos definidos polos seus recursos máis destacados, un núcleo que concentra a atracción principal e varios nodos que supoñen os atractivos complementarios.

En consecuencia con aquel deseño, os **espazos destino** aparecen configurados no modelo por un conxunto xeomorfolóxico, onde destacan varios recursos-atractivos singulares, unha oferta de servizos directamente relacionados coa actividade turística e outros servizos complementarios que permiten identificar o territorio para os eventuais turistas.

Os **mercados emisores de turismo** fundamental para o conxunto do litoral galego están situados no centro e leste da Península Ibérica, e pódense estimar esta demanda no 74% do total de visitantes. Os residentes en Galicia poderían acadar un 20% e outros países europeos envían regularmente demandantes de turismo nunha porcentaxe de só un 6% (AECIT 2008, Turgalicia 2008).

Cada espazo aparece identificado por un núcleo principal, a cidade ou capital municipal que concentra o maior número de atractivos, establecementos turísticos ou ambos, e constitúe tamén a referencia identificativa do espazo para os mercados emisores. Adicionalmente, cítase a referencia dun ou varios nodos secundarios, pero con relevantes complexos de atracción, que completan a configuración de cada espazo en conxunto.

Coa mesma perspectiva de acceso ao núcleo principal, cada espazo presenta unha ou varias **portas** de entrada ou saída, utilizadas, sobre todo, en función dos mercados emisores e das motivacións dos turistas que se desprazan para visitalo. A consideración deste acceso pode ser de singular relevancia para o planeamento do litoral, posto que a actividade turística está fundamentada no desprazamento das persoas, desde a súa residencia habitual (mercados emisores) ao destino, provocando un forte impacto sobre o transporte e a circulación nas áreas turísticas.

Igualmente, eses movementos poden ser internos, dando lugar aos **itinerarios** e ás **rutas circulatorias** dentro dos espazos, con efectos semellantes sobre o transporte.



*Cantís de Cargadoiro.
Ría de Viveiro. Rías Altas*

4. APLICACIÓN DO MODELO: CARACTERIZACIÓN DOS ESPAZOS TURÍSTICOS NO LITORAL GALEGO

Núcleos	Denominación espazos	Nodos secundarios
Ribadeo	A Mariña lucense	Foz, Burela
Viveiro	Rías Altas	Ortigueira, Cedeira
A Coruña	Golfo Ártabro-Arco Bergantiñán	Ferrol, Miño, Carballo.
Camariñas	Arco Bergantiñán-Costa da Morte	Malpica, Fisterra, Corcubión.
Sanxenxo	Rías Baixas	Muros, Noia, O Grove, Ribeira, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Baiona.
A Guarda	Costa Sur	Oia, A Guarda.

Entre as portas de entrada ou acceso aos diferentes espazos turísticos do litoral, o denominador común sería a cidade de Santiago de Compostela pola importancia dentro do sistema aeroportuario de Galicia que presenta o seu aeroporto, motivado tanto pola súa situación xeográfica máis central como polo destino turístico que conforma. Así, no ano 2009 o aeroporto de Santiago xestionou case dous millóns de pasaxeiros (AENA, 2009).

A. A MARIÑA LUCENSE

A MARIÑA LUCENSE			
NÚCLEO	DENOMINACIÓN	NODOS SECUNDARIOS	RÍAS
RIBADEO	A MARIÑA LUCENSE	FOZ BURELA	RIBADEO FOZ

A.1. RECURSOS E ATRACTIVOS DESTACADOS (Fonte: www.turgalicia.es)

Espazos naturais

- Praias das Catedrais e Os Castros.
- Ría de Ribadeo.

Festas

- Xira da Santa Cruz e Día da Gaita Galega.
- Alfombras florais da Virxe do Carme.
- Festa do bonito.
- Romaría nas antigas fábricas de Sargadelos.
- A Maruxaina.
- Festa da queimada en Cervo.

Monumentos

- Centro histórico de Ribadeo.
- Centros atracción próximos e recursos asociados
- Mondoñedo.
- Macizo do Xistral.

Concellos	Establecementos por concello	Poboación
Ribadeo	43 establecementos	9.854
Trabada	4 establecementos	1.436
Barreiros	20 establecementos	3.252
Foz	16 establecementos	9.880
Burela	8 establecementos	9.171
Cervo	9 establecementos	4.724
		38.317 hab

Fonte: www.ige.es, 2008

O núcleo deste espazo, Ribadeo, ademais de ser a súa principal referencia de identificación turística, é unha cabeceira e dous dos seus nodos secundarios, Burela e Foz, son subcabeceiras do Sistema urbano intermedio nas Directrices de ordenación do territorio de Galicia que se atopan en fase de tramitación. Integra os concellos de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo e Trabada, concentrando algo máis de 38.300 residentes que poden duplicarse nos meses de verán a causa do turismo. Iso significa que o número de turistas chegaría a acadar aproximadamente a mesma cifra de 40.000, pero coa característica agregada de ser en bastantes casos usuarios de segunda residencia, con estancias superiores aos 30 días (carécese de datos fiables para cuantificar a estancia media dos turistas desde o punto de vista estrito).

Desde o punto de vista xeomorfolóxico, este espazo segue un trazado lineal, no que as que poderíamos denominar como rías-esteiro (Ribadeo e Foz) rompen a continuidade dos cantís verticais da Mariña lucense, desenvolvidos ao pé dos contrafortes das serras setentrionais. Isto ten unha marcada influencia sobre o uso turístico dos recursos e tamén sobre os desprazamentos dos visitantes, que para acceder a outros recursos ou atractivos do interior han de realizar un itinerario que choca sempre coa orografía do terreo e que neste caso, especialmente, obriga a subir algún dos contrafortes de Serra do Xistral.



II.3.03

Ribadeo



II.3.04

Burela

A.2. DESCRICIÓN E AVALIACIÓN DOS PARÁMETROS

A.2.1. Uso dos recursos

Encontramos aquí un espazo turístico principalmente definido por recursos naturais costeiros e, en consecuencia, pola tipoloxía de sol e praia, aos que se agregan ofertas de tipoloxía etnográfica, arredor das romarías e festas moi relacionadas coa cultura e a historia mariñeira. Os mercados emisores de maior relevancia estarían na propia Comunidade galega (Lugo sobre todo) e en menor medida en cidades do interior da Península.

O perfil do visitante é unha familia/parella con ou sen fillos, que ten como principal motivación o descanso e o gozo da natureza. Tende a aloxarse en casas particulares, hoteis e casas/pisos como segunda residencia, por esa orde estimativa de importancia. A fidelidade parece elevada e os turistas que repiten este destino poderían acadar o 30% do total.


O impacto da actividade turística sobre o territorio considerado no seu conxunto non é aínda moi elevado, se exceptuamos as relativas aglomeracións urbanísticas de Ribadeo e Foz. En calquera caso, é importante a regulación dos accesos e usos das praias máis emblemáticas do espazo, como é o caso das Catedrais e Os Castros, declarados monumentos naturais. O acceso indiscriminado de visitantes aos elementos rochosos máis sensibles destes lugares está causando xa unha visible deterioración destes ademais dun forte impacto paisaxístico.

Outro recurso importante deste espazo é o conxunto de instalacións de Sargadelos (unha das primeiras siderurxias de España), pouco visitado neste momento mais que pode constituír un notable atractivo fóra do circuito litoral. Por outra banda e malia as dificultades sobre eventuais itinerarios cara ou desde recursos e atraccións do interior, debe destacarse o conxunto monumental de Mondoñedo, que permitiría completar a oferta e equilibrar a relación costa-interior da afluencia turística.

A.2.2. Integración co sistema produtivo local

O sector de actividades máis relevante para a economía da zona é a pesca, coa que o turismo podería chegar a ter unha interesante relación na nova tipoloxía de turpesca ou pesca-turismo, pero sempre coas limitacións climáticas e a propia morfoloxía deste litoral e as súas augas, o que en rigor supón unha seria restrición para as saídas no barco con turistas. Ademais o entendemento da relación das poboacións co mar forma parte da riqueza e singularidade etnográfica de Galicia.

A perda de poboación agrícola, que será un trazo case homoxéneo en todo o litoral de Galicia, dificulta as posibilidades de que o turismo se converta nunha eventual ou temporal ampliación dos mercados para os produtos agrarios, que por outra banda non presentan ningunha característica singular. Soamente o turismo rural podería asegurar aquela relación en lugares puntuais (teñamos en conta que existen 18 instalacións de turismo rural neste territorio).



A.2.3. Mobilidade e transporte

Practicamente todos os movementos que xera a actividade turística neste espazo seguen o eixe horizontal da estrada nacional N-642. As súas principais portas de entrada son a ponte sobre a ría de Ribadeo, que une con Galicia a autovía transcantábrica, para os mercados emisores que realizan a ruta desde Asturias, e a rotonda de San Cosme, a moi pouca distancia de Foz, onde a mesma autovía lles permite aos mercados emisores do sur (o conxunto de Galicia, principalmente Lugo, a Península e eventualmente o norte de Portugal), acceder a este destino desde Mondoñedo e o enlace en Vilalba das autovías A-6 e AG-64.

Debemos ter en conta que a citada N-642 resulta ser ao mesmo tempo a única vía de transporte para os produtos da pesca e as outras actividades industriais da zona, polo que na tempada alta o turismo contribúe a acentuar de forma moi notable a conxestión desta estrada, con densidades de tráfico xa moi elevadas todo o ano. En todo caso, a tipoloxía da demanda turística, comentada no parámetro 1 (familiar e descanso), non indicaría un gran número de desprazamentos internos diarios, concentrándose a mobilidade na eventual e puntual asistencia a eventos etnográficos como festas e romarías, o que non implica necesariamente unha alta concorrencia co tráfico derivado do resto de actividades económicas en días laborables.

Convén destacar de todas as formas, a posibilidade de desviar parte dos desprazamentos internos -realizados maioritariamente en sentido horizontal, pola situación dos seus atractivos naturais e monumentais máis importantes- potenciando o uso do ferrocarril de vía estreita (FEVE), que ten estacións en todas as capitais municipais e en moitas pequenas vilas próximas a praias e outros recursos, seguindo o trazado do litoral costeiro. Constitúe un medio de transporte habitual para os residentes e apenas está promovido para o turismo, cando non obstante, por seguir aquel trazado, permitiría acceder aos principais complexos de atracción do territorio. Desde o planeamento territorial e sectorial débese contemplar a posibilidade de reorientar a súa utilización con actuacións dirixidas a establecer menos servizos cun contido e obxectivos claramente turísticos que probablemente reducirían o tráfico rodado e facilitarían a regulación de acceso ás áreas do litoral con maiores problemas de impacto paisaxístico e ambiental.

A.2.4. Ocupación do territorio

Observando a poboación dos concellos que configuran este espazo, podemos clasificalo dentro dun intervalo de urbanización baixa, no que ningún municipio supera os 10.000 habitantes, aínda que cunha relativa concentración de residentes nos núcleos urbanos das poboacións capitais, moi especialmente en Burela, Foz e Ribadeo, que gañan poboación desde o último censo de 2001.

A propia morfoloxía do territorio impide ou reduce outras ocupacións intermedias ao longo do litoral e a pesar de encontrarmos con entidades de poboación de maneira continuada no itinerario costeiro, non sempre é a actividade turística a responsable dunha ocupación do litoral, que encontramos, non obstante, nalgúns asentamentos urbanos directamente sobre o mar moi pouco relacionados co turismo.

Nos núcleos urbanos ou nas súas proximidades podemos encontrar unha relativamente alta taxa de edificios ou apartamentos que constitúen segunda residencia. Aínda que non é fácil elaborar unha hipótese razoable de estimación, pola documentación e referencias consultadas pódese apuntar que os principais propietarios destas residencias serían empadroados nas cidades de Lugo e Madrid na súa maior parte, e en menor medida noutras cidades da Península.

A Ordenación do litoral está aínda en condicións de regular a ocupación de terreos para uso turístico neste espazo por non existir aínda unha importante presión da construción e ocupación do litoral cara a esta actividade. Non obstante, esta regulación debe ir da man do modelo de xestión (protección e ordenación) previsto no POL.



II.3.05

Costa de San Martiño. A Mariña lucense

A.2.5. Actuación institucional

No contexto da Mariña lucense as actuacións institucionais referidas á mellora da actividade e as ofertas turísticas figuran no Plan de desenvolvemento turístico para a provincia elaborado pola Deputación de Lugo, e no Plan de excelencia turística de Lugo, onde aparecen referencias á costa cunha orientación de complementariedade con respecto á atracción de mercados emisores. Por outra parte, Ribadeo conta cun Plan de dinamización turística e un Plan de excelencia turística.

Outras actuacións aparecen de forma dispersa nos programas Leader e Proder de varios municipios da Mariña e, de momento simplemente no nivel de propostas, aparecen citadas na publicación do Eixo Atlántico: Estratexias turísticas das cidades do Eixo Atlántico, onde se analizan e comentan as ofertas das 34 cidades que integran esta asociación, entre as que está o espazo da costa norte de Lugo. Neste libro cítase a importancia dos itinerarios costeiros no litoral norte e a súa promoción conxunta co destino eurorrexión, cunha finalidade de atracción de mercados en coincidencia con outras propostas do Plan para Lugo.

A.2.6. Capacidade de acollida

A maior parte dos establecementos hoteleiros aparecen entre Ribadeo e Foz, moi concentrados dentro ou no contorno inmediato dos núcleos urbanos. Ao longo da estrada litoral encontramos algúns cámpings, pero non outras instalacións de aloxamento colectivo sobre a costa. En consecuencia, pode afirmarse que a presión e a carga derivada deste tipo de actividade turística en todo este espazo litoral é aínda limitada, podendo admitir unhas novas instalacións no marco do modelo de xestión (protección e ordenación) prevista no POL.

A crise actual pode incrementar a orientación da demanda turística cara a destinos locais, que non requiren un elevado custo de desprazamento e con ofertas de aloxamento, manutención e acceso aos atractivos a prezos accesibles. A Mariña lucense é un destino emerxente con esas características e estaría dentro do segmento de interese para o perfil de motivacións do turista habitual. Este crecemento tense en conta na Ordenación do litoral, polo menos no medio prazo, con efectos sobre a oferta residencial (presión para construír novos hoteis ou instalacións de aloxamento), que deben orientarse cara a modelos integrados na trama urbana de maior calidade, ou ben cara ao turismo rural, con elevado potencial de atracción se o unimos á modalidade pesca-turismo. Efectivamente esta zona ten un elevado potencial turístico pero ao mesmo tempo enormes valores ambientais, paisaxísticos e culturais que necesitan dun modelo territorial que propicie este desenvolvemento sen menoscabo dos citados valores, tendo en conta que estes son non renovables.

A.2.7. Transformacións ligadas ao turismo

Varios dos pequenos portos do litoral -Ribadeo pode ser o paradigma- sufriron desde os anos noventa do século pasado, cambios na actividade principal, que pasou da pesca ao turismo deportivo. Con todo, as principais instalacións portuarias dedicadas á pesca (Foz e Burela) manteñen a súa hexemonía económica e moi escasa relación co turismo. A coexistencia de ambas as actividades non reflicte de momento ningún conflito salientable, pero sería preciso regular mellor a diferenciación dos espazos de uso pesqueiro e turístico para previr problemas futuros. Esta recomendación é interesante en especial se contemplamos as posibilidades da citada modalidade pesca-turismo, a fin de non crear unha concorrencia conflictiva.

B. RÍAS ALTAS

RÍAS ALTAS			
NÚCLEO	DENOMINACIÓN	NODOS SECUNDARIOS	RÍAS
VIVEIRO	RÍAS ALTAS	ORTIGUEIRA CEDEIRA	VIVEIRO O BARQUEIRO ORTIGUEIRA CEDEIRA

B.1. RECURSOS E ATRACTIVOS DESTACADOS (Fonte: www.turgalicia.es)

Espazos naturais

- Souto da Retorta.
- Esteiro do Sar.
- Ría de Ortigueira e Ladrado.
- Serra da Capelada.
- Estaca de Bares.
- Lagoa e areal de Valdoviño.
- Lagoa de Doniños.

Festas

- Semana Santa: O Desenclavo.
- Romaría do Naseiro.
- Festival Internacional do Mundo Celta.
- Romaría ao santuario de Santo André de Teixido.
- Curro da Capelada.
- "Oenach" Céltico de Sedes.

Monumentos

- Centro histórico de Viveiro.
- Centro histórico de Ortigueira.
- Centro de interpretación histórica (Cedeira).
- Centros atracción próximos e recursos asociados
- Mondofedo
- Macizo do Xistral.

Concellos	Establecementos por concello	Poboación
Viveiro	25 establecementos.	16.052
O Vicedo	4 establecementos.	2.070
Cariño	8 establecementos.	4.617
Ortigueira	17 establecementos.	7.311
Mañón	8 establecementos.	1.628
Valdoviño	8 establecementos.	6.986
Narón	17 establecementos.	37.008
Cedeira	10 establecementos.	7.511
O Valadouro	3 establecementos.	2.210
Xove	4 establecementos.	3.555
		89.948 hab

Fonte: www.ige.es, 2008

O núcleo deste espazo, Viveiro, ademais de ser a súa principal referencia de identificación turística, é unha cabeceira do sistema urbano intermedio, mentres que Ortigueira, nodo secundario deste modelo, é nodo para o equilibrio do territorio nas Directrices de ordenación do territorio de Galicia que se atopan en fase de tramitación. A pesar de situarse no límite coa Mariña lucense, presenta características moi diferenciadas e singulares tanto xeográfica, como turisticamente. Os municipios que configuran este espazo son os do Valadouro, Xove, Viveiro, O Vicedo, Cariño, Ortigueira, Mañón e Cedeira, que dan acollida a algo máis de 86.730 habitantes e poden recibir de media, ao longo do ano, uns 35.000 turistas, aínda que eventos como o Festival do Mundo Celta, celebrado en Ortigueira a principios do mes de xullo, atraen puntualmente máis de 10.000 persoas, aloxadas en tendas de acampada, sen apenas equipamentos sanitarios e cun forte impacto ambiental nos areas da ría, non sempre ben recuperados con posterioridade.

A diferenza da Mariña lucense, as Rías Altas presentan unha morfoloxía sinuosa que alterna rías-esteiro de amplo desenvolvemento con grandes cabos e cantís fronte ao mar aberto (como son os casos de Estaca de Bares e Ortegaleira) e, máis ao oeste, as murallas da serra da Capelada, que se precipitan sobre a auga desde máis de 600 metros, cos cantís máis altos da Unión Europea. Estes trazos orográficos condicionan en gran medida non só o uso dos recursos, senón tamén a tipoloxía dos turistas que acoden a este destino.

B.2. DESCRICIÓN E AVALIACIÓN DOS PARÁMETROS

B.2.1. Uso dos recursos

Neste caso, o espazo litoral aparece configurado por unha costa extensa de rocha con difícil acceso e aparentemente salpicado polas catro rías-esteiro case no medio dos cantís. Isto obriga a diversificar necesariamente os usos turísticos do territorio, concentrando a tipoloxía de sol e praia estritamente no interior das rías e o reducido espazo de areais entre Estaca de Bares e Ortigueira, mentres que o resto do perímetro litoral apenas presenta neste momento usos turísticos relevantes, a pesar do potencial que obxectivamente supón, a excepción do lugar de Santo André de Teixido, visitado sobre todo por residentes galegos motivados polo seu interese relixioso-etnográfico.

Os mercados emisores de maior relevancia estarían na propia Comunidade galega (Lugo e A Coruña, principalmente) e en menor medida en cidades do norte e interior da Península. Cómpre destacar unha tendencia, estatisticamente mínima de momento, pero moi interesante, de turistas europeos, probablemente atraídos pola singularidade da súa natureza e en especial polos recursos etnográficos citados, o que supón un segmento de demanda emerxente e de notable calidade turística (altos ingresos, respecto ambiental, fidelidade).

O perfil medio do turista neste espazo é unha parella nova con motivación básica de descanso, pero o interese específico deste destino varía entre a natureza agreste ou a quietude dos areais interiores e os eventos musicais e etnográficos antes citados. En relación con aquel interese, aloxarase en hoteis, acampará en instalacións de cámping ou libremente pola costa, ou aloxarase en casas particulares, por esa orde de importancia, con estancias variables entre os tres días e unha semana de media. Non temos datos de fidelidade ao destino, á parte dos relativos ao evento musical.

Certos complexos de atracción, como o casco monumental de Viveiro, declarado conxunto histórico pola Xunta, e a actividade pesqueira do veciño porto de Celeiro na boca da mesma ría, supoñen unha moi relevante motivación para un segmento de demanda turística cultural, pouco estudado aínda, pero claramente diferenciado do comportamento xeral do turismo en todo o destino. No caso de Celeiro sería posible pensar en actividades de pesca-turismo cunha demanda centrada en boa parte dos actuais visitantes, o que podería dar lugar a unha certa reorientación da estratexia pesqueira nese porto.

Desde outra perspectiva, cómpre apuntar de novo o potencial de toda esta paisaxe, para moitos aínda descoñecido, e en concreto dos cantís das serras da Capelada e Coriscada, nos que regulando de forma moi estrita o seu acceso e tratamento poderíase dar a coñecer como destino turístico.

En todo caso, non é salientable aínda un impacto visible do turismo sobre o territorio, xa que agás o caso de Viveiro, onde o crecemento dos apartamentos e edificios a pé de costa é notable xa desde a década dos noventa, as outras capitais municipais non superan os 8.000 habitantes con lento crecemento ou estancamento desde o censo de 2001. Tampouco encontramos un número relevante de instalacións de aloxamento colectivo e nin sequera residencial ao longo da costa. Actualmente, a asistencia masiva ao citado festival de música celta en Ortigueira representa puntualmente unha certa deterioración ambiental sobre os areais da ría, que convén evitar regulando axeitadamente os equipamentos necesarios para a súa celebración.

B.2.2. Integración co sistema produtivo local

A actividade pesqueira e os seus auxiliares son os sectores produtivos principais nas cabeceiras das rías que integran este espazo. En segundo lugar, o comercio, outros servizos e a agricultura constitúen os nichos de emprego de maior importancia, aínda que a perda de poboación agrícola é imparable desde as dúas últimas décadas.

Só encontramos algunha relación do turismo coa pesca na oferta de restauración e moi escasa coa agricultura e a gandaría da zona, a pesar de que esta última podería conseguir con facilidade a etiqueta de calidade pola riqueza e singularidade do pastoreo nas serras.

B.2.3. Mobilidade e transporte

Os movementos que xera a actividade turística neste espazo seguen a estrada nacional N-642, que desde Burela, por pasar a competencia autonómica, denomínase LU-862 e AC-862. A porta de entrada principal é xustamente a localidade de Viveiro, a onde se chega desde A Mariña lucense seguindo a N-642, e tamén para os turistas procedentes da Península que entran en Galicia pola A-6, que accederían a este destino desde Vilalba pola LU-540. Nunha segunda orde podería considerarse tamén como porta de entrada a localidade de Cedeira, que uniría a autoestrada A-9 desde Ferrol co AC-566, igualmente autonómica.

Tamén neste caso, a citada N-642 é ao mesmo tempo a única vía de transporte para os produtos da pesca e as outras actividades industriais da zona, polo que na tempada alta o turismo contribúe en certa medida a acentuar a conxestión desta estrada, con densidades de tráfico relativamente elevadas todo o ano. Desde logo, a tipoloxía da demanda turística (natureza, etnografía e descanso), non daría lugar a moitos desprazamentos internos diarios e incluso parte delas discorrerían por viarios locais máis próximos á costa ou aos recursos da Serra da Capelada, sen concorrencia ningunha co tráfico da estrada nacional citada.

De novo aquí debemos destacar a posibilidade de desviar parte dos desprazamentos internos potenciando o uso do ferrocarril de vía estreita (FEVE), coa restrición do seu enlace directo de Ferrol a Ortigueira, sen trazado nin estacións de camiño polos asentamentos urbanos de Cedeira e Cariño. Aínda así, pode constituír un medio de transporte de interese para o turismo e a Ordenación do litoral contempla a posibilidade de reorientar a súa utilización, con actuacións de promoción e sinalización, así como propostas de mellora que incidirían na redución do tráfico rodado e facilitarían a regulación de acceso ás áreas do litoral con problemas de impacto ambiental.

B.2.4. Ocupación do territorio

Cos datos de poboación dos seus concellos, este espazo pode clasificarse sen dúbida dentro dun intervalo de urbanización baixa, no que só o concello de Viveiro supera os 16.000 habitantes e o resto sitúase por debaixo dos 8.000. Do mesmo xeito que no espazo anterior, a propia xeomorfoloxía da costa impide polo seu carácter valioso ou reduce as ocupacións de carácter turístico ao longo do litoral, polo que pode afirmarse que a actividade turística non presenta tramos de ocupación invasiva da costa en toda a súa extensión nin é previsible que a medio prazo poida aumentar. Deberase regular a ocupación de terreos para uso turístico aproveitando que non existe aínda unha importante presión da construción e ocupación do litoral cara a esta actividade.



B.2.5. Actuación institucional

A principal actuación institucional relacionada co turismo e a mellora da calidade das súas ofertas é o Plan de dinamización de produto turístico Ferrol-Ortegal 2006-2009, que contempla accións interesantes en toda a costa ata o Cabo Ortegal, entre as que se pode citar a valorización e promoción da zona de Santo André de Teixido, a promoción do Camiño de Santiago polo norte e a creación de centros de interpretación.

Outras actuacións aparecen citadas no Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013, onde despois dun diagnóstico sobre o sector se citan accións de mellora específica, aínda que na mesma liña que as citadas no Plan de Ferrol-Ortegal. Igualmente, no nivel de propostas, a publicación do Eixo Atlántico Estratexias turísticas das cidades do Eixo Atlántico analiza a oferta para o concello de Ferrol e a súa área de influencia, que chegaría ata Cedeira. Aquí cítase en concreto a necesidade de acentuar as ofertas de natureza do destino, sempre desde a perspectiva da súa sostibilidade, isto é, respectando as áreas protexidas.


B.2.6. Capacidade de acollida

Só existe unha oferta razoable de establecementos hoteleiros no municipio de Viveiro, o que é lóxico pola entidade da súa poboación e o seu sistema produtivo local, así como dos recursos naturais próximos. O resto dos municipios mostra xa non só unha notable escaseza de prazas hoteleiras, senón tamén unha moi baixa calidade delas, sen ningunha instalación que alcance a categoría de tres estrelas. Están dispoñibles, non obstante, 15 instalacións de turismo rural, o que parece demostrar unha demanda importante para este tipo de oferta, doutra banda máis facilmente integrable coa fragilidade dos seus recursos naturais.

Por tal razón, debemos concluir unha carga relativamente pequena derivada da actividade turística en todo o espazo litoral, podendo admitir certa capacidade de acollida con novas instalacións de turismo rural, conforme o modelo territorial establecido no presente plan. Convén lembrar aquí que o concepto de calidade hoteleira non sempre se aplica correctamente e no noso caso debería unirse de forma inescusable aos conceptos de impacto ambiental e calidade paisaxística.

B.2.7. Transformacións ligadas ao turismo

A actividade principal dos portos do litoral neste espazo segue sendo a pesca, con importantes diferenzas cuantitativas entre uns e outros. Obviamente, o que mantén unha posición hexemónica é o de Celeiro (na ría de Viveiro), que tamén mostra un certo crecemento do turismo náutico e deportivo. A relación da pesca co turismo é moi escasa, aínda que é de destacar o potencial da modalidade pesca-turismo, iniciada timidamente no porto de Cedeira. A coexistencia de ambas as actividades non reflicte de momento ningún conflito aparente, non obstante si será necesario en función dos distintos ámbitos regular estas interrelacións entre os espazos de uso pesqueiro e turístico.



C. GOLFO ÁRTABRO - ARCO BERGANTIÑÁN

GOLFO ÁRTABRO - ARCO BERGANTIÑÁN			
NÚCLEO	DENOMINACIÓN	NODOS SECUNDARIOS	RÍAS
A CORUÑA	GOLFO ÁRTABRO	FERROL MIÑO CARBALLO	FERROL ARES BETANZOS A CORUÑA

Concellos	Establecementos por concello	Poboación
Ferrol	23 establecementos.	74.696
Mugardos	1 establecemento.	5.682
Ares	3 establecementos.	3.287
Neda	2 establecementos.	5.553
Fene	3 establecementos.	14.169
Culleredo	12 establecementos.	27.670
Betanzos	5 establecementos.	13.522
Ares	3 establecementos.	3.287
Cabanas	1 establecemento.	8.561
Pontedeume	11 establecementos.	2.722
Miño	11 establecementos.	5.326
Paderne	4 establecementos.	2.722
Bergondo	12 establecementos.	6.683
Sada	10 establecementos.	14.036
Oleiros	19 establecementos.	32.381
Cambre	2 establecementos.	22.900
A Coruña	78 establecementos.	245.164
Arteixo	18 establecementos.	28.961
Carballo	15 establecementos.	30.653
		536.640 hab

Fonte: www.ige.es, 2008

C.1. RECURSOS E ATRACTIVOS DESTACADOS (Fonte: www.turgalicia.es)

Espazos naturais

- As Fragas do Eume.
- Costa de Dexo.
- Lagoa e areal de Baldaio.

Festas

- Festa da sardiña.
- San Xoán.
- Batalla naval.
- Función do Voto da Virxe do Rosario.
- Semana Santa.
- Conmemoración da batalla de Brión.
- Noite das Pepitas.
- Feira celta Aureana.
- Festa histórica Arteixo.
- Festa do longueirón.

Monumentos

- Torreón de Andrade (Pontedeume).
- Conxunto histórico-artístico de Ferrol.
- Castelos da ría de Ferrol.
- Torre de Hércules.
- Centro histórico da Coruña.

Centros atracción próximos e recursos asociados

- Betanzos, Romaría fluvial Os Caneiros.
- Encoro de Cecebre.
- San Roque.

O espazo do Golfo Ártabro constitúe un territorio marcado polas grandes urbes da Coruña e Ferrol, que configuran a grande área metropolitana ártabra, ao mesmo tempo que un dos seus nodos secundarios. Carballo é unha cabeceira do Sistema urbano intermedio nas Directrices de ordenación do territorio de Galicia que se atopan en tramitación. Para os efectos do noso estudo, os municipios integrados neste espazo son os de Valdoviño, Narón, Ferrol, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, A Coruña, Arteixo e Carballo, que concentran no seu conxunto a 536.640 habitantes.

Desde o enfoque turístico, a recepción de visitantes ao longo do ano é moi variable, xa que debemos agregar ao turismo de lecer (tradicionalmente considerado como tal), o de negocios e compras, con elevado crecemento na última década. Sumando as estimacións dos responsables da área en todos os municipios, os turistas que visitan e pasan polo menos unha noite no conxunto deste destino poden acadar a cifra de 600.000, cifra que, en todo caso, debe ser tomada sempre coa debida cautela científica por non dispor de datos desagregados municipais do Instituto Galego de Estatística (IGE).



II.3.07

Punta de Mera. Ría da Coruña. Golfo Ártabro.

C.2. DESCRICIÓN E AVALIACIÓN DOS PARÁMETROS

C.2.1. Uso dos recursos

O Golfo Ártabro ofrece unha morfoloxía de extenso golfo, cunha fronte mariña de ampla curvatura e concavidade, na que se suceden grandes praias e cabos ou promontorios que penetran sen demasiada altura sobre a auga. Trátase dunha costa moi regular, onde se poden encontrar enseadas ou rías aterradas, lagoas, litorais, illotes residuais do retroceso costeiro, etc. Na parte central ábrese o conxunto de rías en abano que configuran a bisbarra das Mariñas, formada por chanzos planos e unha densa rede fluvial.

Desde a perspectiva turística, a parte occidental entre Punta Langosteira e Malpica, xunto coa lagoa e areas de Baldaio, debe ser integrada tamén no Golfo Ártabro, posto que o concello de Arteixo –ao que pertencen os citados areas de Baldaio– forma parte da extensa rexión urbana ártabra e existen datos dun intenso movemento de visitantes desde a capital cara a esa zona natural, que a situaría claramente dentro da área de influencia do turismo xerado ou atraído pola cidade da Coruña.

Con esa configuración, o espazo ártabro permite diversos usos do litoral, aínda que en lóxica o predominante é o que configura a tipoloxía turística de sol e praia, en especial nas rías centrais e na longa enseada occidental desde a Punta Langosteira. Coexiste con este uso principal o turismo urbano, condicionado pola extensa oferta da cidade da Coruña, onde foi creada hai xa máis de dúas décadas o Consorcio de turismo e congresos da Coruña, co obxectivo de orientar e coordinar a actividade privada con obxectivos de promoción e atracción de determinados segmentos de demanda, coñecer as súas motivacións e ampliar as áreas de oferta axeitándoas ás novas tendencias da demanda. Menor importancia presenta por agora a oferta urbana de Ferrol, que vai lentamente configurando o seu propio nicho de demanda, sobre todo arredor dos seus recursos históricos e de natureza nas proximidades do centro urbano (o castelo de San Filipe e a lagoa e areas de Valdoviño, por citar os máis coñecidos). A estos recursos turísticos hay que añadir el creciente interés que están mostrando los deportes náuticos, incluyendo de forma destacada el surf y deportes asociados, así como el turismo de cruceros.

Os mercados emisores de maior relevancia estarían nas cidades do norte e interior da Península (principalmente Madrid), cun crecemento moi interesante dos mercados europeos, no que podería ter influencia a escala habitual de turistas de cruceiro na tempada de primavera a outono. Os datos das últimas enquisas revelan así mesmo unha elevada taxa de fidelidade, próxima ao 30%, e aínda que o dato é estimativo, o segmento que parece regresar con maior frecuencia é o de demanda de altos ingresos que utiliza os establecementos hoteleiros urbanos de gama alta.

O perfil medio do turista neste espazo varía notablemente coa tipoloxía de uso dos recursos. O segmento orientado cara á praia é unha familia con fillos que incluso podería ser propietaria dunha casa, piso ou apartamento como segunda residencia nas rías centrais. O resto de turistas deste segmento tamén pode dividirse xeograficamente entre os que acoden ás rías centrais, cun perfil de familia ou parella mediana, que combina a praia co turismo urbano, con estancias non superiores aos 15 días en hoteis ou apartamentos e os máis interesados pola natureza, que se dirixen ás praias abertas do norte de Ferrol ou do litoral ao oeste de Punta Langosteira, ou ben, con menos intensidade cuantitativa, os que acoden á realizar sendeirismo polas Fragas do Eume como espazo protexido, neste caso cun perfil de parella nova sen fillos e estancias inferiores ás dúas semanas en cámpings ou ben en casas particulares.

O terceiro perfil correspondería ao turista basicamente urbano, interesado pola oferta de lecer, cultural e musical, así como polas atraccións en xeral da cidade da Coruña. Sería unha parella madura ou turista individual, con estancia raramente superior a unha semana, que se aloxa en hoteis de mediana ou alta categoría, ou tamén en casas de familiares.

Dada aquela diversidade, o impacto do turismo sobre o territorio móstrase moi diferente e, loxicamente, condicionado polo uso dos recursos en cada subárea do espazo. Todo o litoral das rías centrais recibe a maior parte do turismo de praia e os seus efectos son xa ben visibles desde os anos oitenta, cun irregular e, en casos, desordenado crecemento das vivendas unifamiliares, edificios e apartamentos a pé de costa. A extensión desde Lorbe ata Miño é un bo exemplo dese impacto, mentres que a situación contraria encontrámola na enseada de Baldaio, tamén declarada pola Xunta como espazo natural protexido.

Porén, non é fácil diferenciar nidiamente os impactos provocados pola actividade turística dos que teñen como base o non menos desordenado crecemento urbano arredor das cidades da Coruña e Ferrol, dentro da área metropolitana ártabra xa citada. Convén destacar unha posible, aínda que limitada, desviación do uso turístico do litoral cara ao medio interior constituído polo complexo de atractivos do triángulo Cambre-Carral-Betanzos, non demasiado promovidos pero interesantes, orientados a unha tipoloxía mixta de natureza, historia e etnografía. Un proxecto do Consorcio de turismo da Coruña intentou a finais da década pasada unha fórmula complementaria de compartir itinerarios turísticos con estes municipios sen moito éxito naquel momento; quizais agora poderían recuperarse aqueles obxectivos con maior fortuna.

C.2.2. Integración co sistema produtivo local

Realmente, a relación máis evidente, e incluso ordenada, do turismo con outras actividades é a que se deriva dos proxectos levados a cabo polo citado Consorcio de turismo da Coruña, centrada principalmente no comercio e a artesanía. Obviamente, nun espazo como o que nos ocupa poden existir moitas máis interrelacións do turismo con outros sectores, pero se temos en conta que ao longo de todo o litoral das rías centrais xa desapareceu a práctica totalidade da actividade pesqueira para deixar espazo ao turismo náutico deportivo e que a agricultura tamén está deixando paso á urbanización e ao solo industrial, parece evidente polo menos unha integración moi escasa coa pesca e a agricultura na globalidade deste espazo.

C.2.3. Mobilidade e transporte

Aquí aparece de novo a dificultade de desagregar con mínimo rigor os movementos que pode xerar a actividade turística, separados e diferenciados do resto da mobilidade derivada da dinámica dun espazo metropolitano de máis de medio millón de habitantes e unha notable diversidade de empresas. En calquera caso, a maior parte dos tránsitos de todo tipo canalízanse ao longo da autoestrada A-9, entre A Coruña e Ferrol, con nós de enlace aos municipios das rías centrais e aos seus principais atractivos e praias. Unha alternativa sen pagamento para os mesmos movementos é a estrada AC-563, paralela á autoestrada, con moi elevada intensidade de tráfico todos os días do ano. Desde logo, o turismo acentúa na tempada de verán os xa importantes problemas de conxestión da estrada e nas entradas e saídas das cidades, pero o mesmo pode dicirse as fins de semana, pontes e demais festas do ano.


A porta de entrada principal a este espazo é a autovía A-6 (denominada Autovía do Noroeste), por onde se achen os turistas que proveñen do interior da Península e tamén de Europa, pero deben citarse con menor peso cuantitativo os que entran por vía aérea desde o aeroporto de Alvedro e os cruceiristas visitantes que atracan no porto de transatlánticos.

Existe por outra banda unha razoable alternativa ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, cun trazado moi próximo á costa e con estacións ou apeadoiros preto das praias. Esa vía de mobilidade alternativa é pouco coñecida e practicamente inutilizada polos turistas, que podería con todo, gañar interese e contribuír a desconxestionar o tráfico rodado polas estradas e incluso a desviar o uso do litoral, xa que ten estacións nas antes citadas capitais municipais de Cambre e Betanzos, polo que é interesante contemplar unha nova reorientación do seu uso turístico e xeral.

La entrada marítima a través de los crecientes cruceros constituye otra de las posibles alternativas.

C.2.4. Ocupación do territorio

Considerando a característica metropolitana deste espazo e a propia morfoloxía do litoral, cunha costa regular e baixa, non debe sorprender a elevada taxa de urbanización que presenta en toda a extensión das rías desde Ferrol á Coruña. Sen dúbida, unha das causas máis directas da ocupación residencial é a actividade turística,



ben sexa con instalacións hoteleiras ou de apartamentos, ou con vivendas unifamiliares de segunda residencia. Nalgúns tramos, como o citado máis atrás entre Lorbé e Miño, a ocupación e o crecemento da construción a pé de costa mostra unha paisaxe irregular, desordenada, que pon en perigo o atractivo e interese das rías. Soamente os tramos abertos e protexidos como a costa de Valdoviño ou os areas de Baldaio conservan unha elevada calidade ambiental e paisaxística.

A Ordenación do litoral debe regular axeitadamente a ocupación de terreos tanto para usos turísticos, como para simplemente residenciais ou industriais e a forte presión da construción en todo o litoral faino urxente.

C.2.5. Actuación institucional

O Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013, xa citado, contempla actuacións interesantes de mellora do turismo e cita en concreto a necesidade de regular o uso do litoral. Por outra banda, o tamén citado Plan de dinamización de Produto turístico para Ferrol-Ortegal 2006-2009 propón accións para toda a costa ata o Cabo Ortegal, como a promoción regulada de espazos e paisaxes naturais. Do mesmo xeito, o Plan de dinamización de produto turístico da Coruña e As Mariñas posto en marcha en 2008 expón as necesidades de actuación máis respectuosas co ambiente e a conservación do litoral, con actuacións encamiñadas a potenciar o turismo activo e o fomento do turismo rural.

Outras actuacións máis dispersas aparecen nos programas Leader e Proder de varios municipios, e concretamente o Leader para a bisbarra do Eume especifica accións que valorizan os seus recursos naturais, como o acondicionamento de paseos fluviais.

A outra actuación, no nivel de propostas, é a mesma que a citada para os dous espazos anteriores, na publicación do Eixo Atlántico Estratexias turísticas das cidades do Eixo Atlántico (Textos Debate. Pub. Eixo Atlántico.Vigo. 2009), onde se analiza a oferta para os municipios da Coruña e Ferrol, incidindo na necesidade de combinar a oferta urbana coa de natureza como un agregado de maior atracción para os segmentos de demanda cunha e outra motivación.

C.2.6. Capacidade de acollida

A oferta de establecementos hoteleiros, que supera as 220 instalacións neste espazo, mostra a súa importancia e a súa extensión xeográfica. Considerando a concorrencia de demanda residencial por turismo e por outras motivacións, como o traballo ou os negocios, e recollendo a argumentación expresada nos últimos meses por responsables da Asociación provincial de hostalería, non sería axeitado incrementar a oferta de prazas hoteleiras e, máis ben ao contrario, sería recomendable unha reorientación e reconversión das instalacións existentes cara a modelos combinados urbanos-rurais e ofertas máis respectuosas co ambiente e de menor impacto no territorio e a calidade da paisaxe.

C.2.7. Transformacións ligadas ao turismo

Xa foi comentado que ao longo da costa das rías centrais a actividade pesqueira foi cedendo espazo e uso litoral ao turismo náutico e deportivo. Ademais do porto pesqueiro da Coruña, que mantén loxicamente a súa dinámica como segundo porto de Galicia, soamente os portos de Ares e Mugardos conservan unha relativamente importante actividade centrada na pesca, pero sen apenas relación co turismo, por outra banda de escasa importancia nesas vilas.

Destacamos, en todo caso, un certo potencial da modalidade pesca-turismo no porto de Ares, con menores restricións que nos portos da costa norte polo comportamento menos duro do mar nesta ría.



II.3.08

Porto de Cereixo. Ría de Camariñas. Costa da Morte

D. ARCO BERGANTIÑÁN - COSTA DA MORTE

ARCO BERGANTIÑÁN-COSTA DA MORTE			
NÚCLEO	DENOMINACIÓN	NODOS SECUNDARIOS	RÍAS
CAMARIÑAS	ARCO BERGANTIÑÁN-COSTA DA MORTE	MALPICA FISTERRA CORCUBIÓN	CORME LAXE CAMARIÑAS MUXÍA

Concellos	Establecementos por concello	Poboación
Malpica de B.	12 establecementos.	6.320
Ponteceso	4 establecementos.	6.381
Cabana de B.	7 establecementos.	5.045
Laxe	6 establecementos.	3.434
Vimianzo	6 establecementos.	8.300
Camariñas	11 establecementos.	6.207
Muxía	19 establecementos.	5.579
Cee	17 establecementos.	7.691
Fisterra	17 establecementos.	4.959
Corcubión	3 establecementos.	1.822
Dumbría	4 establecementos.	3.820
Carnota	15 establecementos.	4.954
		64.512 hab

Fonte: www.ige.es, 2008

D.1. RECURSOS E ATRACTIVOS DESTACADOS (FONTE: WWW.TURGALICIA.ES)

Espazos naturais:

- Lagoa de Traba.
- Cabo Vilán.
- Monte Pindo, desembocadura do río Xallas e areal de Carnota.

Festas:

- Mostra de olaría de Buño.
- Festa do percebe (Corme).
- Mostra de encaixe de palillos (Camariñas).
- Romaría da Nosa Señora da Barca.
- Romaría do Santo Cristo.

Monumentos:

- Centro histórico-artístico de Muxía.
- Centro histórico de Corcubión.

Centros atracción próximos e recursos asociados:

- Val do Dubra.

O núcleo deste espazo, Camariñas, que constitúe unha referencia principal para a súa identificación desde a perspectiva turística, non ten, con todo, unha relevancia destacada nas Directrices de ordenación do territorio de Galicia en fase de tramitación, mentres que un dos seus nodos secundarios, Cee-Corcubión, é unha cabeceira do sistema urbano intermedio.

A coñecida Costa da Morte integra os concellos de Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana, Laxe, Camariñas, Vimianzo, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría e Carnota, con pouco máis de 64.000 habitantes e unha media anual variable entre 15.000 e 20.000 turistas. Trátase así, dun destino escasamente visitado e, ata 2002, case descoñecido, cando acadou desafortunada fama a causa do desastre do petroleiro Prestige e a asistencia de miles de voluntarios que acudiron desde toda España e incluso de Europa para axudar na limpeza das praias e rochas da costa. O efecto mediático deste suceso e a imaxe dos voluntarios coas súas fundas de traballo brancas deron a volta ao mundo e serviron para situar no mapa este litoral a moitos potenciais visitantes que, de feito, incrementaron notablemente o número de veces que pasaron a noite nos cinco últimos anos.

Desde o enfoque xeomorfolóxico, estamos ante un litoral rochoso e abrupto, rodeado por numerosas restingas, illotes baixos e outros accidentes que dificultan en extremo a navegación e o achegamento aos seus portos. É un sector convexo onde as rías combinan esteiros con baías a través dunha exigua entrada de mar que proporciona moi escaso abrigo. O seu litoral aberto alterna cabos acantilados e zonas con costas baixas e areosas, cunha singular diversidade de natureza e paisaxe, ás veces calmado e outras veces agreste e salvaxe.



Cabo Vilán. Costa da Morte

D.2. DESCRICIÓN E AVALIACIÓN DOS PARÁMETROS

D.2.1. Uso dos recursos

A pesar de que visualmente a natureza predomina como recurso principal e constitúe sen dúbida o atractivo básico para os turistas que visitan este espazo, podemos encontrar paralelamente unha especial riqueza histórica e etnográfica, menos coñecida pero de notable interese, que lentamente vai convertendo este destino nun receptor emerxente para segmentos de demanda non masivos e moi específicos.

Os mercados emisores fundamentais neste momento son as cidades galegas, o levante peninsular e marxinalmente países centroeuropeos. As motivacións da visita son diversas, aínda que prevalece a etnografía, sobre todo tendo en conta a celebración dunha mostra anual de encaixes de palillos en Camariñas, que atrae persoas de case toda Europa e en especial de Portugal. As coñecidas romarías da Barca en Muxía e do Cristo en Fisterra atraen visitantes galegos, pero a combinación citada de historia e natureza supón unha motivación cada vez máis relevante para certos segmentos de demanda, como por exemplo os peregrinos, que despois de acadar Santiago de Compostela deciden continuar ata Fisterra, de acordo coa lenda que apunta a este cabo como o lugar onde se encontraron inicialmente os restos do apóstolo e, desde logo, co atractivo subxectivo e único de pisar a fin do mundo antigo.

Consecuentemente, os perfís do turista poden variar notablemente. É moi visible a partir da primavera unha parella madura que percorre o Camiño de Santiago ata Fisterra, aloxándose polo traxecto en cámpings ou casas particulares, pero que con frecuencia volve máis tarde xa como visitante de lecer e cliente de hotel que busca

o descanso por unha semana ou máis. Outro perfil usual é unha parella nova ou madura, interesada nos sitios naturais e a etnografía, que se aloxa en cámpings e hoteis, por esta orde, cunha estancia variable de cinco días a unha semana.

Como se pode deducir do anterior, o impacto do turismo sobre o territorio neste espazo é feble e apenas encontramos instalacións de aloxamento colectivo ao longo da costa, fóra dos centros urbanos das capitais municipais. É interesante, de todas as formas, destacar a posibilidade de desviar visitantes cara ao veciño interior de Val do Dubra e Vimianzo, con atractivos e recursos naturais e históricos relevantes, intentando inverter a motivación da estancia cara ao destino interior como primeira opción e como segunda cara ao litoral.

D.2.2. Integración no sistema produtivo local

A agricultura tradicional que aínda se practica neste territorio e a pesca poderían ter un certo potencial de relación co turismo, ampliando o seu mercado. Debe citarse a orixinal e xa bastante madura experiencia de pesca-turismo co proxecto Mar de Lira, que constitúe desde hai case unha década unha relevante fonte de ingresos complementarios para os mariñeiros nos meses de verán, contribuíndo ademais a reducir o esforzo pesqueiro e a renovación dos recursos.

Outras actividades de artesanía mostran, con todo, unha maior relación co turismo, como son os casos da olaría de Buño, vila próxima a Malpica e, desde logo, con moita maior importancia, os encaixes de Camariñas, visita e compra obrigada para todo turista que se achega á Costa da Morte.



D.2.3. Mobilidade e transporte

A propia morfoloxía do litoral determina que os movementos horizontais, tanto de turistas como derivados doutras actividades, deban realizarse ao longo da estrada de competencia autonómica AC-552, con enlaces transversais cara a cada ría e capital municipal por estradas tamén autonómicas pero de segunda orde. Iso significa que non é posible percorrer a costa en paralelo máis que a través de vías locais, descontinuas, moi estreitas e non sempre accesibles comodamente para un automóbil e condutor urbano.

Non resulta fácil establecer portas de entrada ao destino ben definido e os mercados emisores do levante mediterráneo ou do centro han de elixir entre facer o percorrido desde a Península pola autovía A-6, desviándose logo cara Arteixo e Carballo pola autoestrada autonómica de pagamento AG-55 e continuar despois pola citada AC-552 (probablemente a entrada máis longa pero cómoda), ou ben os mercados de Galicia desde Santiago tomando a saída cara a Santa Comba por unha estrada local con bo firme e desde alí pola AC-404, transformando así á capital municipal de Vimianzo como porta de entrada e decidir nese momento o destino final ou o itinerario cara ao norte, por Cabana, Laxe e Malpica, ou cara ao oeste e sur, por Camariñas, Muxía e Fisterra.

A consecuencia máis salientable desta situación é a identificación dun destino con turismo de descanso e escasos movementos de circulación interna, que apenas concorren nos meses de verán co tráfico derivado das outras actividades económicas.

Tendo en conta o potencial turístico deste espazo, ademais interesante por motivar segmentos de demanda habitualmente respectuosos co ambiente, as propostas da Ordenación do litoral deben encamiñarse a potenciar o uso dos accesos principais citados, mantendo o seu distanciamento do litoral e regulando as visitas a determinadas zonas de paisaxe natural protexidas, por exemplo, con carreiros para percorrer a pé con restricións de saída, sen menoscabo da relevancia económica que achegaría o turismo a este territorio en clara recesión.

D.2.4. Ocupación do territorio

Soamente o municipio de Cee, polo seu sector industrial, supera os 7.000 habitantes e ningún dos demais presenta altas intensidades de urbanización fóra das capitais municipais. A simple observación dos datos estatísticos mostra unha clara estrutura rural do espazo, onde ademais, e de novo coa excepción de Cee, todos perden poboación desde o último censo de 2001.

Tamén, e en coherencia co apuntado sobre o uso dos recursos, pode afirmarse que a actividade turística non xera presións relevantes, nin residencial nin de construción de aloxamentos colectivos en todo o litoral. Porén, estamos ante un destino interesante e con potencial de atracción de segmentos de demanda específica e selecta, polo que a Ordenación do litoral ten a posibilidade de regular axeitadamente eventuais crecementos da oferta turística desde un claro enfoque de sostibilidade e protección de todo este territorio.

D.2.5. Actuación institucional

Tratándose de concellos situados todos eles dentro da provincia da Coruña, o xa citado Plan estratéxico 2007-2013 contempla actuacións interesantes que fan fincapé nun moderado crecemento do turismo rural e na mellora xenérica da oferta de aloxamento, desde a perspectiva da súa integración e respecto coa paisaxe litoral.

Outra actuación relevante é o Plan de dinamización turística para Costa da Morte, que entre outras iniciativas levou a cabo o proxecto de valorización das áreas con maior potencial de demanda, como foi o caso

de Fisterra e de uso turístico regulado e protexido como a área do Monte do Pindo e a desembocadura do río Xallas.

D.2.6. Capacidade de acollida

En todo o espazo existe unha moi diversa oferta de aloxamento nos diferentes concellos do destino e sobre todo, a catalogación deles nos tramos de categorías máis baixos. Non se pode falar, en consecuencia, dunha carga elevada de establecementos turísticos, polo que a medio prazo este espazo podería acoller un certo incremento das prazas de aloxamento, pero sempre coas nada pequenas restricións para futuros resultados empresariais do clima e do seu carácter periférico. Con ese enfoque empresarial, a creación de novas prazas hoteleiras sería como mínimo arriscada, aínda que se poida estimar o potencial de atracción do destino cara a segmentos de demanda de ingresos medio-altos que mantivesen a cifra de negocio en niveis razoables.

Por outra banda, a oferta de oito instalacións de turismo rural é bastante reducida para as potencialidades dunha demanda motivada pola natureza e a etnografía, o que permite indicar un nicho de negocio con futuro nesta epígrafe do aloxamento.

D.2.7. Transformacións ligadas ao turismo

O porto de Malpica conserva unha actividade pesqueira moi importante e moderna, e achega pola súa parte materia prima para os establecementos de restauración. Todos os demais portos mantéñense dentro dunha maior ou menor dedicación á pesca, sen cambios relevantes que poidan ser achacados á presión do turismo.



II.3.10

Faro de Punta Nariga. Costa da Morte

E. RÍAS BAIXAS

RÍAS BAIXAS			
NÚCLEO	DENOMINACIÓN	NODOS SECUNDARIOS	RÍAS
SANXENXO BAIONA	RÍAS BAIXAS	MUROS NOIA RIBEIRA VILAGARCÍA O GROVE PONTEVEDRA VIGO	MUROS-NOIA AROUSA PONTEVEDRA VIGO

E.1. RECURSOS E ATRACTIVOS DESTACADOS (Fonte: www.turgalicia.es)

Espazos naturais:

- Monte Louro e lagoa das Farxas.
- A Curota, Serra do Barbanza.
- Dunas de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán.
- Complexo Intermareal Umia-O Grove.
- A Lanzada e Punta Carreirón.

Festas:

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Festa do Nazareno. • Festa da Dorna. • Festa da Xouba. • Festa da Ameixa. • Festa do Viño Albariño. • A Peregrina. • Entroido de Cobres. • Festa en Honra ao Santísimo Cristo da Vitoria. • Festa do Choco. | <ul style="list-style-type: none"> • Curro da Curota. • Procesión marítima Nosa Señora do Carme. • Romería da Nosa Señora de Guadalupe. • Festa do Mexillón e o Berberecho. • Festa do Marisco. • Feira Franca. • Festa da Reconquista. • Festa da Ostra. • Festa dos Fachos. |
|---|--|

Monumentos:

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Centro histórico de Muros. • Centro histórico de Cangas. • Centro histórico da Pobra. • Centro de interpretación Castro de Baroña. | <ul style="list-style-type: none"> • Centro histórico de Vilagarcía. • Centro de interpretación arqueolóxica de San Roque. • Centro histórico de Poio • Centro histórico de Baiona. |
|---|---|

Centros atracción próximos e recursos asociados:

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • A Estrada, Rapa das Bestas de Sabucedo. • Lalín, Fraga de Catasós. • Padrón • Terra de Montes. | <ul style="list-style-type: none"> • Cotobade, Serra do Suído. • Campo Lameiro, Centro de interpretación Arte Rupestre. • Catoira, Torres de Oeste, Romaría Viquinga. |
|---|--|

Concellos	Establecementos por concello	Poboación
Muros	26 establecementos.	9.823
Outes	9 establecementos.	7.547
Noia	3 establecementos.	14.875
Porto do Son	15 establecementos.	9.845
Lousame	2 establecementos.	3.702
Dodro	5 establecementos.	3.024
Padrón	17 establecementos.	9.016
Valga	6 establecementos.	6.096
Catoira	4 establecementos.	3.485
A Pobra do C.	10 establecementos.	9.934
Ribeira	18 establecementos.	27.430
Boiro	12 establecementos.	18.730
Rianxo	9 establecementos.	11.578
Vilagarcía de A.	16 establecementos.	37.329
Vilanova de A.	15 establecementos.	10.643
A Illa de A.	3 establecementos.	4.928
Cambados	26 establecementos.	13.620
Ribadumia	4 establecementos.	4.781
Meaño	9 establecementos.	5.475
Sanxenxo	165 establecementos.	17.216
O Grove	71 establecementos.	11.264
Poio	38 establecementos.	15.842
Pontevedra	26 establecementos.	80.749
Vilaboa	9 establecementos.	5.935
Marín	6 establecementos.	25.879
Ponte Caldelas	5 establecementos.	6.469
Vilaboa	10 establecementos.	5.935
Bueu	7 establecementos.	12.375
Moaña	12 establecementos.	18.709
Cangas	30 establecementos.	25.537
Vigo	90 establecementos.	295.703
Soutomaior	6 establecementos.	6.537
Redondela	11 establecementos.	30.036
Nigrán	18 establecementos.	17.869
Gondomar	8 establecementos.	13.713
Baiona	21 establecementos.	11.976

813.605 hab

Fonte: www.ige.es, 2008

Como pode verse no cadro xeral, o espazo de Rías Baixas integra 36 concellos e é o de maior extensión de litoral no conxunto de Galicia. Igual que no caso do Golfo Ártabro, aparece condicionado pola rexión urbana das Rías Baixas, Vigo-Pontevedra, que algúns autores amplían ata Vilagarcía de Arousa e que, en todo caso, supón un conglomero de actividades e empresas que reborda nos seus efectos calquera análise limitada ao turismo.

Os seus núcleos principais e referencia turística nos mercados emisores son Sanxenxo e Baiona, e os seus nodos secundarios, desde o punto de vista turístico son, Muros, Noia, Ribeira, Vilagarcía e Pontevedra. A diferente xerarquía territorial establecido nas DOT dos núcleos citados anteriormente pon de manifesto que os procesos turísticos poden presentar dinámicas específicas respecto ao resto das dinámicas socioeconómicas.

Desde a lóxica da súa diversidade territorial, tamén a recepción de visitantes é moi variable, xa que debemos agregar ao turismo de lecer os de negocios, congresos e compras, en continuo crecemento as dúas últimas décadas. É obvio que aquela cifra global non pode transmitir unha visualización homoxénea da actividade turística en todo o espazo, que requirirá para a súa análise unha elemental e moi esquemática división en subáreas por importancia do turismo.

Tamén, desde o punto de vista xeomorfolóxico, este espazo mostra algunhas diferenzas relevantes para a súa descrición, aínda que menos para a interpretación dos efectos do turismo. As catro rías aparecen flanqueadas por penínsulas de elevación media (picos máximos arredor dos 600 m) e caídas suaves sobre a auga, con costas baixas, extensas plataformas e numerosos areais. As de Arousa, Pontevedra e Vigo posúen na súa desembocadura un complexo de illas exteriores que actúan como dique. As de Muros e Noia, Pontevedra e Vigo contan cunha ampla saída ao océano e unha zona pouco desenvolvida onde destaca a de Vigo, pola súa forma de enseada casi pechada e moi escasa profundidade na baixamar. Pola contra, a de Muros e Noia presenta un tramo oceánico aberto, un tramo intermedio con forte dinámica de mareas e un tramo de esteiro con marismas formadas pola desembocadura do río.

Estas diferenzas condicionan, en parte, as actividades de pesca e marisqueo, pero moito menos que as turísticas, que tenden a concentrarse nos tramos medios e abertos, onde se sitúan os areais máis extensos e, con todo, razoablemente protexidos de fortes ondados ou vento.

E.2. DESCRICIÓN E AVALIACIÓN DOS PARÁMETROS

E.2.1. Uso dos recursos

Encontramos neste espazo unha clara preponderancia da natureza e da tipoloxía turística de sol e praia, pola que é identificado sen dúbidas en todos os mercados emisores; lembremos ademais que dentro deste espazo se encontra o Parque Nacional das Illas Atlánticas e que unha prestixiosa revista internacional clasificou o areal de Rodas nas illas Cíes como a mellor praia do mundo. Dentro desa lóxica, a maior concentración de oferta turística dentro da tipoloxía de praia encóntrase na desembocadura norte da ría de Pontevedra, onde só tres concellos (Poio, Sanxenxo e O Grove) acumulan 280 hoteis, o 42% do total dos 36 concellos deste espazo.


A esta oferta xenérica debemos agregar a non menos importante proposta gastronómica, na que encontramos as dúas festas máis antigas de España dedicadas a esta demanda, a do albariño en Cambados (desde 1952) e a do marisco no Grove (desde 1963), que poden atraer só entre as dúas a máis de 600.000 turistas nos días de duración do evento (a festa do marisco no 2009 tivo unha duración de 15 días). Xunto a elas, celébranse ao longo dos concellos e parroquias deste territorio aproximadamente outras 20 festas gastronómicas de menor entidade, que atraen visitantes de Galicia e a turistas hospedados en lugares máis ou menos próximos ao longo de toda a costa.

Convén destacar, paralelamente, a relevancia da oferta de turismo urbano das grandes cidades. En Vigo pola súa diversidade e carácter cultural e en Pontevedra pola singularidade do seu núcleo histórico e as actuacións programadas, algunhas delas fóra da tempada alta, como é o caso da recreación histórica da Feira franca en setembro.

No tocante aos mercados emisores, convén facer algunha pequena diferenciación por subáreas. As rías de Muros e Arousa reciben sobre todo turistas de Galicia e do centro da Península, mentres que as de Pontevedra e Vigo teñen atractivo para o centro da Península, pero con importantes visitas de concellos mediterráneos (Barcelona, Valencia) e un lento pero continuado aumento de turismo europeo. A taxa de fidelidade é moi elevada, superando o 35% na ría de Pontevedra.

Os perfís mostran igualmente algunhas variacións. O segmento orientado á praia é unha familia de idade media con fillos, de ingresos medio-altos, que se aloxa en hoteis ou apartamentos e cunha taxa crecente de propietarios de segunda residencia. O tempo de estancia máis frecuente foise reducindo nos últimos anos, roldando os 8-10 días (cando antes era habitual o mes enteiro) e medra tamén a combinación da praia co turismo urbano, obrigada desde logo nos días de mal tempo. Outro segmento, aínda de menor peso cuantitativo, pero en constante aumento, acode pola motivación principal da etnografía, a historia e o relax, é unha familia de idade madura, tamén de ingresos medio-altos e que, ademais dos hoteis, oriéntase cara ás casas de turismo rural. Un caso á parte constitúe ese perfil de familia con idade madura ao que se agrega grupos e parellas amantes dos deportes náuticos e con ingresos altos, que emprega as instalacións de atraque e aloxamento no Parador de Baiona, castelo do século XVII e con atractivo turístico propio.

O impacto sobre o territorio desta importante actividade e número de turistas é xa moi elevado, loxicamente moito maior nos municipios citados da ría de Pontevedra, pero con extensión a gran parte do litoral das outras rías, onde encontramos case en secuencia ininterrompida edificios de apartamentos, hoteis e casas ou chalés unifamiliares, xunto ás edificacións dos residentes habituais. Xa apareceron algúns conflitos para diferenciar e regular as construcións tradicionais que responden e están xustificadas pola residencia dos traballadores en actividades relacionadas co mar, e outras edificacións renovadas (en bastantes casos herdadas) que teñen como obxectivo simplemente gozar da praia nas fins de semana e no verán. Iso pode ser un anuncio das dificultades para ordenar este litoral, notablemente afectado pola presión construtiva derivada do turismo.



Con todo, poden destacarse algúns complexos de atracción interesante no veciño interior, en xeral a non máis de media hora de distancia temporal, que poderían potencialmente complementar usos turísticos do litoral. Á altura da ría de Arousa encontramos o complexo termal de Caldas de Reis-Cuntis e espazos naturais de singular atractivo. Algo máis cara ao interior e ao sur, a bisbarra de Terra de Montes ofrece unha combinación de natureza e arqueoloxía única en Europa, que se complementarán coa próxima inauguración dun Centro de Interpretación da Arte Rupestre na zona de petróglifos de Campo Lameiro-Cotobade. Esta oferta podería constituir un reclamo singular para os segmentos de demanda interesada pola historia ou simplemente polo relax, que terían as praias a 20 quilómetros, en caso de decidir aloxarse nesta zona, para o cal son importantes os incentivos a un ordenado crecemento de instalacións hoteleiras rurais, con moi reducida oferta actual de camas neses concellos de interior.

E.2.2. Integración co sistema produtivo local

A diversidade de actividades que se levan a cabo nos concellos e cidades deste espazo dificulta unha conclusión xeral sobre esta epígrafe, pero, en todo caso, pode estimarse unha razoable interrelación entre a agricultura e a pesca de case todos os municipios co turismo en xeral e en bastantes casos coa actividade turística rural en concreto.

Tendo en conta a importancia das festas gastronómicas citadas neste espazo, debe citarse o forte relación entre o turismo e a viticultura por un lado e o marisqueo polo outro, e de feito, as dúas festas anteriormente mencionadas (Festa do albariño e Festa do marisco) significan neste momento un mercado directo para eses produtos do sector primario e unha promoción a longo prazo directamente orientada ao turismo.

Ao mesmo tempo, pode afirmarse que certas formas de agricultura moderna (invernadoiros) gañaron mercado grazas ao turismo e, desde logo, o comercio local foi especializándose en todos os concellos das Rías Baixas cunha orientación clara cara ao mercado turístico. Parece necesario ofrecer unha mellor relación destes produtos coa paisaxe co obxecto de ofrecer a súa relación con ela como parte do seu atractivo e calidade.

E.2.3. Mobilidade e transporte

O eixe viario fundamental neste espazo é a autoestrada A-9, que facilita os accesos ás catro rías. A porta de entrada por excelencia é xustamente o enlace no Porriño da autovía A-52, desde o interior da Península coa citada A-9 e, ao mesmo tempo, nese mesmo lugar, coa continuación cara á autoestrada A-3 portuguesa para os mercados emisores dese país.

Desde a A-9 é posible acceder á ría de Muros, a través da autovía AG-56, nun enlace pouco antes de Santiago de Compostela, continuando despois cara a Noia pola estrada de competencia autonómica AC-53. Igualmente, cara á ría de Arousa abriuse ao tráfico en 2009 a autovía AG-11, desde Padrón a Ribeira, proximamente estará en uso a AG-43, entre Caldas de Reis e Vilagarcía, e tamén en 2009 inaugurouse a autovía AG-41, entre Barro e O Grove. A ría de Pontevedra ten operativa unha parte da vía rápida que debe unir a capital con Bueu e a ría de Vigo dispón doutra vía rápida entre a ponte de Rande e Cangas.

Obviamente, todas estas infraestruturas viarias dan servizo principalmente ao transporte e tráfico habitual provocado ao longo do ano polas actividades económicas das empresas e residentes, e o tránsito de turistas nos meses de verán pode chegar a conxestionalas gravemente, en especial as fins de semana e na coincidencia con festas importantes. Xustamente as festas e as características da demanda turística neste espazo xeran un elevado número de movementos internos, polo que pode afirmarse que en tempada alta practicamente todas as estradas e autovías do territorio ofrecen unha trasfega continua de vehículos, tanto en horas diúrnas, como nocturnas.

Desafortunadamente, o transporte colectivo non axuda moito a solucionar este problema e a vía férrea só une as capitais, deixando a un lado o trazado costeiro. O ordenamento do litoral pode recuperar algunhas propostas interesantes de gobernos anteriores sobre o transporte colectivo litoral (unha especie de metro lixeiro), incentivar a mellora do transporte marítimo dentro das rías onde xa funciona (Vigo) e fomentar o seu funcionamento nas outras (Pontevedra e Arousa), baixo a hipótese dunha suficiente demanda coa promoción axeitada.

Convén citar, con todo, o crecemento das entradas por vía aérea desde o aeroporto de Peinador para turistas que chegan cun paquete contratado ou que despois alugan un vehículo sen condutor iniciando alí os seus itinerarios por este espazo. Do mesmo xeito, aínda que con menor peso cuantitativo, deben citarse os cruceiristas que atracan no porto de transatlánticos para realizar diversas visitas, algunhas delas polas Rías Baixas.

E.2.4. Ocupación do territorio

Se se exceptúa a ría de Muros, comparativamente sen dúbida a de menor actividade turística, pódese afirmar que no resto o turismo foi apropiándose rapidamente do litoral, de xeito que só os tramos rochosos ou de difícil acceso se libran da ocupación residencial relacionada co turismo.

A costa das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo mostra neste momento unha continuidade de edificacións, que ben de carácter familiar (as segundas residencias son especialmente frecuentes na cara sur de Arousa e no norte de Pontevedra e Vigo), ou ben de aloxamento colectivo, non se circunscriben ás proximidades dos núcleos urbanos, senón que se estenden ao longo de todo o litoral. Non é fácil nestas condicións unha ordenación dos usos do espazo costeiro, pero aínda poden preservarse zonas de interese natural e, desde logo, regularse as novas construcións afastándoas da liña do litoral.

E.2.5. Actuación institucional

Con diferentes resultados foron desenvolvidos varios programas de mellora do turismo no espazo das Rías Baixas. Nas dúas últimas décadas, os plans de excelencia turística de Sanxenxo e Baiona foron os primeiros deles, que aínda que tiñan como obxectivo básico a mellora da calidade na oferta hoteleira, serviron en realidade para mellorar o saneamento do municipio, algunhas infraestruturas e, sobre todo, equipamentos urbanos. Máis tarde, o Plan de dinamización turística do Barbanza (Arousa norte) orientouse a axeitar contornos rururbanos e recuperar e valorizar recursos etnográficos e naturais nos concellos involucrados. Á súa finalización, en 2005, aínda tivo unha continuidade co Plan de Consolidación Turística, financiado pola Deputación da Coruña e a Xunta, orientado nesta fase a ampliar a formación de capital humano e, en paralelamente, á creación de novos produtos turísticos. Cunha finalidade equivalente tamén figura o Plan de dinamización turística do Salnés.

Outra actuación institucional que é preciso destacar no Plan de competitividade turística na cidade de Vigo, que ten o obxectivo de consolidar catro eixes básicos, como son: o turismo de congresos e eventos; o ocio urbano; o turismo náutico, co porto deportivo e a ría como espazo privilexiado para a navegación, que posibilitan o seu posicionamento como referente na fachada atlántica peninsular; e o turismo cultural, básico no turismo urbano, con ofertas vinculadas ao mar, á tradición mariñeira e industrial e á cultura contemporánea.]

Tamén con obxectivos semellantes, o conxunto da ría de Muros recibiu axudas para proxectos de turismo rural e recuperación de recursos en áreas naturais co programa Proder II.

Na ría de Pontevedra destacamos o Plan de dinamización de produto turístico, que abranguíu, ademais da capital, os municipios de Poio, Marín, Cotobade, Barro e Ponte Caldelas, dando lugar á marca Terras de Pontevedra, con importantes actuacións na promoción deste espazo e para a creación de ofertas conxuntas e novas produtos



Vilanova de Arousa. Rías Baixas

(rutas de sendeirismo ou o proxecto dun centro de interpretación fluvial no río Lérez), que darán valor a recursos infrutilizados ou case descoñecidos.

E.2.6. Capacidade de acollida

En consecuencia co manifestado na parte da ocupación do territorio, debemos concluír unha elevada carga de edificacións e instalacións derivadas da actividade turística no litoral deste espazo, o que é corroborado polo propio sector en diversas declaracións aos medios con respecto, por exemplo, ao exceso de prazas hoteleiras nas rías de Pontevedra e Arousa.

As orientacións da Ordenación do litoral van igualmente no mesmo obxectivo, cara a unha conxelación e incluso redución da capacidade de carga turística do conxunto do territorio, asumindo quizais algún potencial de acollida con novos establecementos (sobre todo de turismo rural) e mesmo edificacións na ría de Muros e na boca sur da ría de Pontevedra (enseada de Aldán), sempre con certas cautelas.

E.2.7. Transformacións ligadas ao turismo

Todos os portos pesqueiros deste espazo sufriron os efectos da actividade turística, pasando nalgúns casos a substituír case por completo a pesca polo turismo náutico deportivo, ampliando ou incluso construindo novas infraestruturas portuarias con este uso.

Na ría de Arousa os portos da Pobra do Caramiñal, Rianxo, Vilagarcía, Cambados e O Grove tiveron que deixar espazo aos cada vez máis numerosos barcos de recreo; na de Pontevedra, o porto deportivo de Sanxenxo ten xa máis amarres que a lonxitude do de Portonovo para os barcos de pesca; en Marín e Pontevedra creáronse dársenas e novos embarcadiros con amarres exclusivos para os barcos deportivos; e en Cangas e Vigo observamos a mesma tendencia, quizais aínda máis acentuada.

Nos últimos anos multiplicáronse os conflitos por esta transformación (e incluso os impactos ambientais, como o caso da perda de area na praia de Silgar, en Sanxenxo, por causa das obras no porto deportivo), o que ha de ser analizado e regulado co maior rigor nesta Ordenación do litoral.

F. COSTA SUR

COSTA SUR		
NÚCLEO	DENOMINACIÓN	NODOS SECUNDARIOS
A GUARDA	COSTA SUR	OIA

F.1. RECURSOS E ATRACTIVOS DESTACADOS (Fonte: www.turgalicia.es)

Espazos naturais

- Serra da Groba

Festas

- Festa da Arribada
- Feira do Viño do Rosal
- Romaría no monte de Santa Tegra
- Festa da Lagosta

Monumentos

- Mosteiro de Santa María de Oia.

Centros atracción próximos e recursos asociados

- Tui, Monte Aloia
- Festa meixón, Río Miño.
- Mondariz, Balneario
- Río Tea

Concellos	Establecementos por concello	Poboación
Oia	12 establecementos.	3.192
Tomiño	10 establecementos.	12.982
O Rosal	3 establecementos.	6.462
A Guarda	13 establecementos.	10.404
Salceda de Caselas	4 establecementos	7.938
Salvaterra de Miño	4 establecementos	9.140

67.120 hab

Fuente: www.ige.es 2008

O núcleo deste espazo, A Guarda, é unha referencia clara na súa identificación turística, que une recursos do litoral e praia coa indubidable relevancia histórica do castro situado no monte Santa Tegra, un dos máis importantes e mellor conservados de Galicia.

O espazo é notoriamente singular e aparece configurado xeomorfoloxicamente por un tramo rectilíneo ao pé dunha falla que cerra un longo bloque granítico, erguido fronte ao océano sobre una estreita franxa que sería o final da liña de costa, coa fractura litoral desde Fisterra ata a desembocadura do río Miño, onde se rompe o afundimento que deu lugar ás rías e comeza cara ao sur, en Portugal, a franxa rectilínea que alterna areas con costas pedregosas e baixas.

Os concellos que forman este espazo son os de Oia, Tomiño, O Rosal e A Guarda, que suman un total de 50.042 habitantes que apenas reciben a 15.000 turistas polas súas condicións xeográficas de periferia, aínda situados no límite turístico do destino Rías Baixas.

F.2. DESCRICIÓN E AVALIACIÓN DOS PARÁMETROS

F.2.1. Uso dos recursos

Este espazo é o de menor extensión de litoral de todos os estudados e aínda que adoita identificarse, como antes comentamos, coas Rías Baixas dentro da tipoloxía turística de sol e praia, en realidade esta oferta só aparece concentrada no extremo sur da Guarda, onde se sitúan os únicos areas da costa, mentres que no resto os visitantes poden encontrar atractivos etnográficos, naturais e históricos, pero poucas praias.

O perfil do turista, que busca areas e diversión nocturna, é moi semellante ao das Rías Baixas, pero os que se moven polo sur e o interior presentan unha idade madura, teñen unha motivación cultural ou de natureza e maiores ingresos. Continúan con frecuencia o itinerario do Miño que cruza cara a Portugal, seguindo o circuíto monumental e histórico que relacionou ambos os países, aloxándose en hoteis e con estancias variables que poden superar os oito días. A fronteira (en rigor, a ex fronteira) é un atractivo agregado para eles, o que implica un comportamento respectuoso cos monumentos e o ambiente.

Os mercados emisores teñen unha procedencia diversa de toda a Península e pódese observar na última década un crecemento importante dos mercados europeos, quizais pola influencia do veciño destino norte de Portugal. Pola súa parte, o impacto da actividade turística sobre o litoral aparece moi centrado na costa fluvial da Guarda (sen achegarse en absoluto aos niveis citados para as Rías Baixas) moi reducido e inexistente no resto do litoral.

Desde a perspectiva turística, o espazo do Baixo Miño chegaría ata Tui e, de feito, o segmento de demanda motivado pola historia, a etnografía e a natureza considera a toda a bisbarra como un destino conxunto que incluso alcanzaría a parte da bisbarra do Vale do Minho portugués (Valença do Minho, Vilanova de Cerveira e Caminha), por onde os turistas realizarían as súas visitas con itinerario circular arredor do río.

Esta consideración é relevante porque significa desviar unha gran parte do impacto turístico fóra do litoral, equilibrando a relación litoral-interior, aínda que requira diferentes actuacións de protección e uso axeitado sobre os sitios naturais e o propio patrimonio monumental e arqueolóxico, como serían o castelo de Tebra, monte Aloia, fortaleza de Goián, castro de Santa Tegra, zonas húmidas do Miño, por citar só algúns dos máis importantes.

F.2.2. Integración co sistema produtivo local

Estamos dentro dun territorio climaticamente privilexiado e, en consecuencia, a agricultura encontra no turismo un interesante mercado. Este espazo está integrado no D.O.P. Rías Baixas e os seus viños compiten con éxito

fronte aos da bisbarra do Salnés, terra tradicional do albariño, polo que un acertado itinerario de adegas resulta un notable atractivo para os turistas que xa están no destino ou incluso que se achegan especificamente para coñecelo con esa motivación. Por outra banda, nos concellos de Tomiño e O Rosal existe unha consolidada tradición de cooperativas con producións agrícolas singulares, como os kiwis e os mirabeis, para os que o turismo significa unha ampliación do seu mercado con gran peso económico.

Finalmente, a pesca no porto da Guarda e o marisqueo de extracción de percebes na costa rochosa de Oia teñen no turismo do mesmo xeito a súa demanda principal na tempada alta.

F.2.3. Mobilidade e transporte

Hai dúas portas de entrada principais a este espazo que parten en ambos os casos do enlace no Porriño da autovía A-52 por onde acceden os turistas procedentes dos mercados emisores da Península, cara aos circuitos de litoral das Rías Baixas. A primeira porta segue pola autovía autonómica AG-57 cara a Baiona e despois cara á Guarda pola PO-552, mentres que a segunda porta se orienta desde o citado nó do Porriño cara ao sur pola autoestrada A-9 ata Tui, que é tamén, pola súa vez, unha porta secundaria para os mercados portugueses que acceden a Galicia pola súa autoestrada A-3 desde Porto.

A circulación interna realízase pola citada PO-552, que permite cruzar o río cara a Portugal, ben polas pontes internacionais de Tui a Valença do Minho e de Goián a Vilanova de Cerveira, ou tamén -só en verán-, no transbordador da Guarda a Caminha. Xa que esas estradas non soportan unha taxa moi elevada de tráfico ao longo do ano, tampouco crean maiores problemas de conxestión de vehículos na tempada estival.

F.2.4. Ocupación do territorio

Desde Baiona ata A Guarda este espazo mostra unha urbanización baixa, aínda que bastante relacionada co turismo, en especial nos arredores dos areas da Guarda, onde se poden observar edificios de apartamentos construídos como é habitual ao pé da liña de costa.

A Ordenación do litoral nas dúas zonas é en extremo importante e presenta a urxencia de preservar tanto as zonas húmidas protexidas da desembocadura do Miño, ameazados por algunhas daquelas construcións, como toda a costa fluvial río arriba, que empeza a mostrar puntualmente situacións de impacto residencial.

F.2.5. Actuación institucional

O Plan de excelencia turística de Baiona, iniciado a finais dos noventa, presentaba actuacións na costa cara ao sur que alcanzaba ao municipio de Oia, referidas en especial ao saneamento do litoral. Máis tarde, a principios da década do dous mil, a comarca do Baixo Miño emprendeu actuacións específicas que, con todo, non foron relevantes na estrutura actual do destino.


F.2.6. Capacidade de acollida

A zona sur e a continuidade da liña de costa fluvial amosan atractivos relevantes e unha demanda turística específica que conviría atraer con novas e mellores instalacións hoteleiras e de aloxamento colectivo en xeral (existen 3 cámpings de primeira categoría e 5 establecementos de turismo rural, pero os hoteis teñen na súa maioría 2 e 1 estrelas), polo que a Ordenación do litoral pódese orientar a potenciar modelos mixtos de hoteis e turismo rural, estendendo as facilidades ata o concello de Tui.

F.2.7. Transformacións ligadas ao turismo

A actividade pesqueira da Guarda mantén aínda gran parte da súa ocupación pesqueira tradicional e, polas características da costa e a súa situación aberta ao océano, non é de esperar que sufra grandes cambios a medio prazo orixinados polo turismo náutico.

Debe sinalarse, porén, o forte crecemento de embarcadoiros para embarcacións de recreo –non sempre regulados-, ao longo do río, con posibles efectos sobre as zonas naturais protexidas a incluso sobre o propio ecosistema litoral no delta da desembocadura do Miño.





II.3.12

Mosteiro de Oia. Costa Sur

5. BREVE DIAGNÓSTICO

5.1. FACILITADORES

Coincidencia entre a motivación de descanso e gozo da natureza do perfil dos turistas tipo, co obxectivo de manter a protección das áreas estratéxicas do litoral. Isto pode observarse sobre todo nos espazos de Rías Altas e Costa da Morte, e en parte tamén na Costa Sur.

Itinerarios con recursos de interior que poderían complementar o turismo litoral e equilibrar a relación litoral-interior. Aquí encontramos unha diversidade moi interesante, que vai desde serras, preto dos espazos do norte, ata etnografía, preto da Costa da Morte ou historia e prehistoria, preto das Rías Baixas.

Existencia de notables e singulares atractivos históricos e etnográficos en todos os espazos, que interesan ao segmento de demanda con maior respecto ambiental. A combinación de praia e etnografía é un atractivo crecente nas novas tendencias da demanda.

Turismo urbano emerxente nas rexións e áreas urbanas, que pode reducir os efectos do turismo de praia na súa área de influencia.

Demanda doutro tipo de atractivos turísticos (pesca, sendeirismo, etc.) en harmonía coa natureza e a etnografía.

Posibilidade de potenciar o uso dos FEVE polos turistas e reducir os tránsitos por estrada nos espazos da Mariña lucense e as Rías Altas. A experiencia de uso turístico da continuación da liña FEVE por Asturias podería ser un bo exemplo, aínda admitindo que tampouco acadou alí o máximo das súas potencialidades.

Actuacións institucionais anteriores con especial atención a reducir os impactos ambientais do turismo.

Interesantes experiencias de pesca-turismo nalgúns portos (Mar de Lira), que poden servir de modelo para outros portos.

Importante integración do turismo con outros sectores do sistema produtivo local, como a pesca, o marisqueo, a viticultura e outros cultivos modernos con producións singulares, que serve en varios espazos para ampliar o seu mercado. Isto é evidente en espazos con pouca intensidade da actividade turística, como son os casos das Rías Altas ou a Costa da Morte, pero tamén pódese observar nas Rías Baixas, con maior peso do sector turístico.

Importante demanda de turismo rural, aparentemente ligada a un comportamento respectuoso co medio.

Posible ampliación da capacidade de acollida con aloxamento de tipoloxía rural en espazos como as Rías Altas ou a Costa da Morte e en subáreas como a ría de Muros e o sur de Baixo Miño, sempre coa cautela de evitar que o turismo rural costeiro se converta en fondas complementarias do aloxamento hoteleiro.

Escasos conflitos entre a pesca como actividade principal e o turismo náutico deportivo.

5.2. BARREIRAS

Accesos sen restricións a áreas naturais protexidas en todos os espazos. Esta posibilidade é ben visible nas Rías Altas, no Golfo Ártabro e desde logo nas Rías Baixas, con efectos e consecuencias potencialmente moi negativas para as zonas protexidas (nalgúns casos, xa moi graves).

Perda dos valores naturais froito das novas dinámicas turísticas.

Perda de identidade do territorio froito do cambio no modelo de organización deste inducido polas dinámicas recentes de ocupación do territorio e da actividade turística.

Banalización das paisaxes costeiras.

Escasa utilización de atractivos turísticos nas áreas próximas ao litoral, que poderían reducir os efectos directos sobre deste. Pode existir un efecto ocultación deses atractivos polo forte captación de turismo nos espazos litorais.

Impacto xa moi elevado da actividade turística sobre o litoral nas rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, así como na subzona Nigrán-Baiona. Isto ademais acentúa os movementos internos nestes espazos e a presión sobre a edificación.

Elevadas taxas de ocupación do litoral con residencias familiares e establecementos hoteleiros, sobre todo nas rías centrais de Golfo Ártabro das Rías Baixas.

Excesiva carga de prazas hoteleiras nos mesmos espazos Golfo Ártabro e Rías Baixas, o que xa foi admitido pola propia Confederación galega de hostalería, pero sen aprobar medidas para frear a súa expansión.

Concorrenza de tráfico turístico polas mesmas vías do tránsito habitual por actividades económicas, sobre todo nos espazos de influencia das Áreas urbanas da Coruña e Vigo. Isto, como é lóxico, acentúa outros problemas derivados da ocupación do litoral polo turismo.

Elevada taxa de segundas residencias e outras ocupacións non turísticas do litoral, simultáneas nas mesmas zonas costeiras.

Crecedo de edificacións de apartamentos asociados ao aproveitamento turístico e amarres para embarcacións deportivas ao longo do río Miño. Isto pode provocar xa no curto prazo graves efectos negativos sobre o ecosistema litoral da súa desembocadura.



II.3.13

Costa de Redes. Golfo Ártabro

6. PROPOSTAS ESTRATÉXICAS

De forma xeral pode apuntarse a necesidade de combinar o turismo de praia con extensión desta oferta cara a valores e atractivos etnográficos, culturais e de natureza, que existen no contorno de todos os destinos de litoral. Esta estratexia foi posta en práctica desde finais dos noventa, en varias zonas do Mediterráneo (especialmente en Alacante), con notable éxito. Adicionalmente, debe terse en conta o Convenio Europeo da paisaxe, que entre outros obxectivos persegue a mellora do coñecemento da paisaxe no seu sentido máis amplo, isto é, integrando en positivo a pegada histórica humana no contorno natural.

Do mesmo xeito, debe destacarse a necesidade de conxelar e incluso reducir a carga turística en certas áreas dos espazos analizados. Os casos das rías interiores do Golfo Ártabro (entre Lorbé e Miño), das desembocaduras das rías de Arousa e Pontevedra (O Grove e Sanxenxo), ou do límite entre a ría de Vigo e a Costa Sur (Nigrán e Baiona), son evidentes dunha capacidade de carga xa rebordada.

6.1. REGULACIÓN E RESTRICIÓN DOS ACCESOS A ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

- Regular o acceso a areas e zonas protexidas, como serían os casos das Catedrais, Os Castros, Valdoviño ou Baldaio, xa con algunhas deterioración, establecendo liñas de camiño (semellantes, por exemplo, ás construídas no complexo dunar de Corrubedo).
- Restringir drasticamente o acceso de vehículos a zonas de costa agreste, tamén sensible, como os cabos de Estaca de Bares e Ortegal, establecendo carreiros a pé.
- Regular o acceso de vehículos á Serra da Capelada, con excepción de Santo André de Teixido. Establecendo incentivos para o seu gozo con carreiros a pé.
- Restringir a circulación de vehículos por toda a liña litoral da Costa da Morte. Neste caso sería posible e chegaría a ter atractivo propio, a construción e operatividade dun carreiro a pé de itinerario longo que, por unha parte, permitise o acceso regulado a zonas de protección e, por outra banda, actuase como disuasorio do uso do automóbil.

6.2. DESVIACIÓN DE TURISMO CARA A DESTINOS DE INTERIOR

- Promover destinos como Mondoñedo, Betanzos, Termas de Caldas-Cuntis ou Terra de Montes. Aproveitar a experiencia de iniciativas nese sentido en Asturias (Turismo de Xixón ten un programa interesante), ou de Alacante, e igualmente, aínda que tivo menos éxito, do Consorcio de Turismo da Coruña.
- Incentivar o turismo rural en todos os espazos, principalmente aqueles que mostran capacidade de acollida. Isto pode ser de especial interese nas Rías Altas, onde xa hai un certo número de casas de aldea aínda que admitiría un certo incremento de instalacións e, desde logo, na Costa da Morte e o seu contorno interior, onde apenas vemos presenza deste tipo de aloxamentos.

6.3. FOMENTO DE USO DO FERROCARRIL

- A promoción do uso turístico dos FEVE debería ser unha estratexia preferente en todo o litoral oriental da Coruña e Lugo. Non só porque permite o acceso a case todas as zonas de interese desa costa, senón polo seu atractivo propio, absolutamente infrautilizado polo sector turístico. Por outra banda, agregadamente, contribuiría a reducir o tránsito rodado que causa o turismo, con serios problemas de conxestión na tempada alta e nas zonas onde concorre co tráfico habitual de mercadorías. O estudo dunha liña turística específica en tempada alta, cunha boa promoción e ofertas de billetes sen limitacións de estacións sería unha actuación interesante.
- Promover o uso turístico da vía férrea entre A Coruña e Ferrol, con semellantes obxectivos que no caso dos FEVE e igualmente coa sinalización de lugares de interese.

- Promover a diversificación das portas de entrada e saída dos espazos turísticos por medio do uso do ferrocarril, tanto se os FEVE como o tradicional, de xeito que os turistas dispoñan dunha elección entre varias alternativas.

6.4. CONSOLIDACIÓN DE USOS TURÍSTICOS RESPECTUOSOS CO LITORAL

- Promover as actividades de pesca-turismo nos portos que mostren características ou interese polo tema. Deben aproveitarse as experiencias exitosas de Mar de Lira na Costa da Morte e de Cambados e Campelo, nas rías de Arousa e Pontevedra, respectivamente.
- Incentivar a integración do turismo con outras actividades que impliquen unha ampliación do seu mercado, pero sen impactos sobre a costa. A agricultura no espazo da Costa Sur (O Rosal e Tomiño) pode ser un bo exemplo, presentando produtos singulares, orientados de forma específica ao mercado turístico. Algo semellante pode proporse para a gandaría nas serras da Capelada e O Xistral, con etiquetas de calidade.
- Recuperar proxectos de transporte colectivo litoral (a semellanza dos modelos de metro lixeiro propostos para A Coruña, Xixón ou Vigo), de xeito que puidese unir localidades costeiras en liña, reducindo así o tráfico rodado polas estradas paralelas.
- No mesmo sentido, incentivar a mellora do transporte marítimo na ría onde xa funciona (Vigo) e fomentar a súa operatividade nas outras (Arousa e Pontevedra), favorecendo o seu uso turístico.
- Apoiar, incentivar, mellorar e estender os itinerarios de adegas xa existentes en toda o D.O.P. Rías Baixas e en especial na península do Salnés e na Costa Sur. Debería aproveitarse a experiencia de zonas como a Rioxa Alavesa, Navarra e, recentemente, Castela-A Mancha que, con grande acerto, uniu os itinerarios do Quixote coas adegas desa D.O.P.



II.3.14

Cantís das Mirandas. Concello de Ares. Golfo Artabro

7. CONCLUSIÓNS

A diferenza do litoral mediterráneo, que desde finais dos cincuenta e comezos dos sesenta, orientou a súa oferta dirixida principalmente aos mercados emisores europeos, o turismo de litoral galego tivo e ten aínda como mercado emisor maioritario o centro e cada vez máis ao leste da Península Ibérica, que busca aquí praias menos masificadas e temperaturas máis agradables que nas costas do sur e do levante e, sobre todo, gastronomía.

A consecuencia máis relevante deste contraste foi a escasa ocupación do litoral até ben entrada a década dos oitenta, se exceptuamos a ría de Vigo. Porén, e mesmo destacando hoxe a extrema ocupación en certas áreas costeiras (Rías Baixas e Golfo Ártabro), aínda é posible observar extensas zonas de litoral con moi baixa densidade de construción e uso turístico, nuns casos polas dificultades orográficas (Rías Altas, Costa da Morte) e noutros polo lento desenvolvemento da oferta turística (Arco Bergatiñán, ría de Muros-Noia, Costa Sur).

Tamén, as diversas tipoloxías de usos turísticos dos recursos e, polo tanto, da oferta e do comportamento da demanda amosan impactos diferenciados sobre o litoral. O caso máis extremo é loxicamente o que poderíamos denominar urbano-litoral, centrado nas dúas rexións urbanas da Coruña e Vigo, que concentran os usos residencial, turístico e industrial da súa área costeira cun crecemento continuado e en xeral un potente efecto negativo sobre o deterioro do territorio litoral, polo modo en que se veu xestionando a convivencia destes usos ata o momento.

Otra tipoloxía cuyo aproveitamiento no ha sido menos negativo es la de sol y playa, concentrado en este caso en las rías de Vigo y Pontevedra, y en el centro de A Mariña lucense, con niveles de ocupación del litoral muy altos y una notable pérdida de sus valores naturales e incluso de la identidad paisajística original del territorio.

Nos dous casos, atoparíamos igualmente serios problemas de concorrencia na mobilidade derivada das actividades económicas, comerciais e industriais coa provocada pola afluencia de turistas na tempada alta, o que se traduce en elevadas densidades de tráfico, tanto nas portas de entrada e saída desas áreas, como nas vías internas de desprazamento, con maior contaminación, incomodidade e, polo tanto, menor satisfacción para os turistas e, de xeito agregado, unha grave elevación das probabilidades de risco de accidentes.

El impacto menor correspondería al aproveitamiento del resto de las tipoloxías turísticas que existen en el litoral de Galicia y que pueden resumirse en natureza y cultura, centradas en los espacios de las Rías Altas, Costa da Morte y Costa Sur, donde la oferta de sol y playa concurrente es muy reducida y, al mismo tiempo, los accesos a las áreas protegidas que se ubican en esos espacios dificultan el uso del transporte privado.

En consecuencia, tamén aquí é onde atopamos unha maior capacidade de acollida a medio prazo, tendo en conta ademais que o perfil dos turistas que visitan estas zonas atraídos pola oferta de itinerarios culturais e de natureza expresa unha maior cultura ambiental, uns ingresos medio-altos (o que significa capacidade de xerar ingresos para a poboación local) e xustamente unha alta valoración dos recursos naturais, factores todos positivos para a regulamentación e ordenación turística sostible daqueles espazos.

Dentro das propostas estratéxicas para usar de forma socialmente racional os recursos e reducir os impactos do turismo no litoral poden destacarse: a restrición e regulación dos accesos a áreas e zonas protexidas e a promoción de destinos próximos no interior, que axuden a desviar os desprazamentos fóra das vías costeiras e unha especial énfase no fomento do uso turístico do ferrocarril, pouco coñecido polos visitantes, organizando itinerarios e ofertas específicas para o turismo nas áreas de maior concentración de tránsitos con automóbil privado (toda a costa norte co FEVE e as áreas metropolitanas co tren cotián).

Como estratexia complementaria a medio e longo prazo, convén destacar a promoción e consolidación da filosofía contida na Carta europea de turismo sostible, aplicada fundamentalmente ás áreas naturais con algún tipo de protección, pero extensible aos territorios próximos e, desde logo, á maior parte da costa galega.

Tendo en conta o elevado número de espazos protexidos no litoral de Galicia, o desenvolvemento dun turismo sostible implica un serio compromiso para as institucións, pero tamén para os profesionais e empresarios do sector, así como para os propios visitantes, no senso de que a súa viaxe sirva para descubrir territorios, culturas e xentes baixo a premisa do respecto mutuo e cunha finalidade xenérica de enriquecemento igualmente mutuo das súas identidades persoais. Conseguir este obxectivo implicaría, que dúbida cabe, un menor impacto negativo do turismo sobre todo o litoral.

